



# Programa Electoral Eleccións Xerais 2023

Que  
**Galiza**  
Conte!

Con  
**Máis**  
**Forza!**



<b>Páxina 3.</b>	<b>Introdución</b> a) É o momento! b) A voz da Galiza no Congreso c) Os incumprimentos do Goberno español d) Os dereitos das galegas e galegos, a forza que nos move e) Un contexto político complexo f) Galiza, con máis forza!
<b>Páxina 09.</b>	<b>1. Soberanía política para garantir maior benestar social</b>
<b>Páxina 14.</b>	<b>2. Máis dereitos para unha maior xustiza social</b> a) Loita contra a pobreza e promoción da inclusión social b) Polo dereito a unha vivenda digna c) Máis dereitos para a clase traballadora d) Na defensa do sistema público de pensións e) Garantir os dereitos das persoas maiores e dependentes f) Ningunha persoa é ilegal
<b>Páxina 21.</b>	<b>3. Políticas feministas para avanzar nos dereitos das mulleres</b> a) Vidas libres de violencia machista b) Promover a igualdade real
<b>Páxina 25.</b>	<b>4. A defensa dos dereitos das persoas LGBT</b>
<b>Páxina 27.</b>	<b>5. Na defensa da democracia e das liberdades públicas</b>
<b>Páxina 31.</b>	<b>6. Por uns servizos públicos de calidade</b> a) Educación b) Sanidade
<b>Páxina 39.</b>	<b>7. Economía ao servizo das maiorías sociais</b> a) Por unha nova fiscalidade b) Crise industrial c) Agro e pesca d) Ciencia e innovación e) Xestión directa dos fondos europeos (MRR)
<b>Páxina 48.</b>	<b>8. Por unha transición enerxética xusta</b>
<b>Páxina 52.</b>	<b>9. Infraestruturas públicas e ordenación territorial</b>
<b>Páxina 56.</b>	<b>10. Pola protección do medio e a biodiversidade</b>
<b>Páxina 60.</b>	<b>11. Lingua e cultura</b>
<b>Páxina 62.</b>	<b>12. Políticas para a mocidade</b>
<b>Páxina 65.</b>	<b>13. Galiza na vangarda deportiva</b>
<b>Páxina 66.</b>	<b>14. Pola paz e a convivencia dos pobos</b>

# 0. INTRODUCCIÓN

## É o momento!

Este é o momento da Galiza. É tempo de que o noso País —por medio da representación soberana do BNG— teña capacidade política suficiente para condicionar de forma permanente un previsíbel escenario sen maiorías absolutas nas Cortes do Estado e empregar esa posición decisiva para favorecer os intereses da Galiza e das clases populares. Ese é o grande desafío que temos pola fronte nestas Eleccións Xerais: un Grupo Galego forte en Madrid. E é perfectamente posíbel.

No ano 2019 apelabamos a recuperar a voz propia no Congreso, vital para a defensa dos intereses do noso pobo en todos os ámbitos e esencial tamén para dar, tanto visibilidade á Galiza como nación no debate sobre a cuestión nacional, como altofalantes á defensa dos nosos dereitos colectivos como pobo. E conseguímolos, da man de todas aquelas persoas que non se resignaban a que o noso País estivese ausente dos debates políticos e a que as súas prioridades non fosen sequera formuladas no Congreso, moito menos tidas en conta polo Goberno español.

## A voz da Galiza no Congreso

Iso mudou coa recuperación da representación do BNG. Cun único deputado fomos capaces de arrancar un Acordo de Investidura que desbloqueou a Axenda Galega e estableceu compromisos de actuación do Goberno no noso País para resolver problemas que, en moitos casos, levaban décadas esperando. É verdade que o Goberno do PSOE/Unidas Podemos incumpriu boa parte dese Acordo, mais é evidente que os incumprimentos só poden ser imputados no haber de quen incumpre. Tamén para iso precisamos de máis forza, dunha posición determinante que permita obrigar a cumprir.

Con todo, a impronta dese Acordo fica patente en cuestións como os descontos e bonificacións na AP-9 para persoas usuarias habituais (agora pagan a metade que en 2019); a liberación de peaxe do tramo Vigo-Redondela; a dragaxe, saneamento e rexeneración da Ría do Burgo (que levaba

anos agardando); a modernización e electrificación da liña ferroviaria Lugo-Ourense, en execución; a conexión ferroviaria co Porto Exterior da Coruña, xa en andamento; melloras na liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo (aínda parciais) ou mesmo a actuación do Ministerio de Industria —por medio do CESCE— para garantir a viabilidade do estaleiro de Barreras en Vigo.

Para alén disto, a actuación permanente do BNG en defensa do noso País conseguiu logros en diversos ámbitos. Queremos salienta os repetidos pronunciamentos do Congreso a favor da continuidade de Alcoa na Mariña, que apoiaron a loita dos traballadores e traballadoras e impulsaron o Goberno a actuar para evitar o fechamento da empresa. Mais tamén as numerosas emendas presentadas que, aínda que fose parcialmente, contribuíron a mellorar diversas leis. Como exemplo, na Lei de Pesca foron incorporadas tres propostas do BNG moi relevantes: a obrigaón por parte do Goberno de establecer un mecanismo para que os mariñeiros embarcados poidan exercer o seu dereito ao voto; a elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais nos sectores pesqueiro e marisqueiro, que sirva tamén para axustar mellor os coeficientes redutores á hora de acceder á xubilación, e o impulso a convenios colectivos no sector pesqueiro que contribúan para mellorar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras do mar.

## **Os incumprimentos do Goberno español**

Con todo, quedan pendentes moitas cuestións incumpridas que son prioritarias para os intereses sociais e económicos das galegas e dos galegos, como a creación de tres novos xulgados de violencia de xénero no noso País; a solución ao problema dos emigrantes retornados coa Facenda española; saldar a débeda coa Galiza na Lei de Dependencia; a modernización xeral da rede ferroviaria interna galega (coa excepción dos casos citados); a atención adecuada á crise industrial (Vulcano...) e á transición xusta (Meirama, As Pontes) ou completar a transferencia da AP-9.

Alén de todos estes evidentes incumprimentos, debemos sinalar tamén a deriva en moitas outras materias, que mesmo superaron as piores expectativas: podemos citar

exemplos como a asunción oficial da proposta de Marrocos sobre o Sáhara Occidental, a alfombra vermella lexislativa ao espolio eólico que estamos a combater no país, ou que este goberno foi o que aprobou o maior aumento do orzamento militar na historia. Tamén debemos denunciar a continuidade en materias como a xestión das fronteiras, que tivo nesta lexislatura consecuencias especialmente criminais como o masacre de Melilla.

Así mesmo, fica pendente a derogación das principais políticas regresivas do Partido Popular como a reforma laboral, a reforma das pensións, onde non só non houbo derogación, senón que se aprobaron novos recortes, e a Lei Mordaza.

Para alén disto, a posición de firmeza do BNG, conxuntamente coa doutras forzas soberanistas de esquerda, foi determinante para que o Goberno sacase adiante propostas de carácter social –por moi limitadas, parciais ou insuficientes que fosen– que inicialmente o PSOE se negaba a adoptar ou cualificaba de “imposíbeis”. Entre elas, medidas para o control da escalada de prezos (especialmente na electricidade e carburantes), na aplicación de impostos á banca, ás enerxéticas e ás grandes fortunas ou mesmo moitas das axudas aos sectores afectados polas sucesivas crises.

### **Os dereitos das galegas e galegos, a forza que nos move**

Aliás, ao longo destes tres anos e medio, o BNG traballou activamente na defensa da Galiza e das clases populares. Así o acreditan as 1500 iniciativas presentadas, as centenas de reunións e encontros mantidos con colectivos de todos os ámbitos ou os millares de emendas rexistradas.

Só no que atinxe aos Orzamentos do Estado, o BNG rexistrou máis de 300 emendas a cada un dos tres proxectos presentados polo Goberno, emendas que conforman unha radiografía precisa dos problemas e necesidades do noso País. Aí figuran propostas de partidas para recuperar o déficit histórico da Galiza en materia de investimentos en infraestruturas viarias, ferroviarias e servizos de transporte público; para atender a grave crise industrial que padece o noso País e avanzar nunha Transición xusta; para

sanear e rexenerar as nosas rías, recuperando a calidade ambiental e a súa capacidade produtiva; para avanzar máis decididamente en políticas sociais, no ámbito da dependencia, da loita contra a violencia de xénero, en vivenda ou en dereitos laborais; para garantir salarios e pensións dignas, especificamente, para subir salario mínimo e pensións mínimas até levalas a 60 % do salario medio; para normalizar a nosa lingua nos ámbitos dependentes da Administración do Estado, incluídos os medios públicos estatais; para abandonar a escalada belicista e o incremento desmedido do gasto militar para destinar eses recursos a fortalecer servizos e prestacións públicas ou creación de emprego, para a transferencia de competencias ao noso País que fortalecesen o autogoberno, ou para democratizar as institucións públicas.

### **Un contexto político complexo**

O BNG mantivo sempre a coherencia na defensa da Galiza e das clases populares nun contexto particularmente complexo. Por unha parte, un goberno que se autotitulou “o máis progresista”, mais que incumpriu boa parte dos seus compromisos, non só coa Galiza, senón tamén en materia de políticas sociais e de avances democráticos. Como exemplos, a Lei de Memoria Democrática, que mantén na impunidad os crimes do franquismo; a Lei Mordaza, non derogada; a reforma laboral do PP, non derogada na súa totalidade e só moi parcialmente modificada; os novos recortes en pensións; a escalada belicista e o aumento do gasto militar ou a protección da corrupción da monarquía (o PSOE votou reiteradamente con PP e Vox para rexeitar as Comisións de Investigación que propuxemos o BNG e outras forzas soberanistas e de esquerda). Naquilo en que houbo avances, ficaron en moitos casos a medio camiño. Mais, se se produciron foi precisamente polo impulso do soberanismo das nacións do Estado, de que o Goberno dependía para as maiorías parlamentares. En todo o caso, é claro que os reiterados incumprimentos –totais ou parciais– provocaron decepción en propios e estraños, o que abriu posibilidades de avance ás dereitas.

Por outro lado, un Partido Popular botado ao monte, escorado á alianza coa ultradereita, cun programa político, social e económico ao servizo da oligarquía, claramente

regresivo para as clases populares e para os pobos, e que centrou a súa actuación nestes anos en tentar frear avances en dereitos individuais e colectivos e en políticas sociais e democráticas. No caso de cuestións que afectaban a Galiza, cunha actitude absolutamente demagóxica, de apoiar propostas que rexeitaron ou non executaron cando foron Goberno e, aliás, votando en contra de todas aquelas que levou o BNG que implicaban avances en políticas democráticas, en favor da lingua ou do alargamento do autogoberno.

### **Galiza, con máis forza!**

Frente a isto, o BNG actuou sempre con absoluta coherencia. Na altura das eleccións de 2019 comprometémonos a ser a voz que defendese os intereses da Galiza, a impulsar políticas sociais e a fechar o paso á dereita e ultradereita. E cumprimos. Facilitamos co noso voto que non houbera un Goberno das dereitas, mais tampouco nunca demos un cheque en branco a ninguén. Defendemos sempre políticas sociais avanzadas e apoiamos aquelas propostas e leis que ían nesa dirección, mesmo que en moitas ocasións as valorásemos como insuficientes. E colocamos de forma permanente sobre a mesa os problemas da Galiza e as solucións que precisaban.

É dicir, o BNG actuou sempre con independencia de criterio e tivo como única guía o que interesaba a Galiza e as clases populares. Se callar por iso, tanto PP como PSOE estiveron sempre moi preocupados por desacreditar a posición do BNG con falsas argumentacións. Mais os datos son obxectivos e incuestionábeis: de 57 leis, votamos a favor de 24, en contra de 12 e abstivémonos noutras 21. O criterio para decidir o sentido do voto sempre foi se favorecían ou non as maiorías sociais e/ou o noso País.

Agora, os desafíos que o noso pobo ten por diante son moitos e moi relevantes. A Galiza precisa voces firmes que a defendan, governe quen gobernar en Madrid. En todo o caso, o BNG mantén o triplo compromiso: defender os intereses dos galegos e galegas, impulsar políticas sociais avanzadas e cortar o paso ás dereitas. Xa temos acreditado que o podemos facer. O que precisamos é máis forza, non só para arrancar compromisos que permitan avanzar no

Que  
**Galiza**  
Conte!  
**Con**  
**Máis**  
**Forza!**

recoñecemento dos dereitos da Galiza como nación, en benestar e en democracia, senón tamén para obrigar a cumprilos. Para iso é necesario un Grupo Galego forte en Madrid. Esta é a proposta que facemos ao noso pobo.

O adianto electoral responde exclusivamente aos intereses partidistas da forza que detén a Presidencia do Goberno español. Mais desde a perspectiva galega estas eleccións temos que velas como a grande oportunidade para reforzar a voz galega en Madrid que —como fixera historicamente— veu exercendo con dignidade e utilidade o Bloque Nacionalista Galego. Reforzala logrando un Grupo Galego que, para alén do elemento cualitativo (unha forza coas mans libres para defender os intereses do noso País e da nosa xente), implique un salto cuantitativo: máis deputados e deputadas e representación no Senado. Esa é a forza que a Galiza precisa para que a Axenda Galega que viñemos colocando sobre a mesa saia adiante con máis rapidez e contribúa para mellorar a calidade de vida e benestar de todos os galegos e galegas.



# 1. Soberanía política para garantir maior benestar social

Cando enfrontamos conflitos sociais importantes no noso País, como o que ten a ver co espolio eólico ou a ausencia dunha transición xusta após o fechamento das térmicas, estamos diante da evidencia do prexudicial e inxusto que resulta para as galegas e galegos non ter soberanía para decidir sobre os seus asuntos e que sexan outros os que decidan, en Madrid, en función de intereses alleos aos do pobo galego.

Un sector estratéxico como o eléctrico, que posto ao servizo do pobo galego podería ser utilizado para impulsar o noso desenvolvemento social e económico, serve exclusivamente para maior lucro da oligarquía española, mais a Galiza soporta as consecuencias negativas, como “territorio de sacrificio” ou máis propiamente colonia.

Eis unha das claves da pervivencia do Estado español unitario e de que ao noso País sexa negada a capacidade para decidir por si propio. Do que se trata é de que os poderes económicos e políticos ao servizo da oligarquía española queren manter un control férreo desde o centro, por medio do aparello do Estado unitario, de toda a actividade económica para perpetuar un espolio e apropiación de recursos económicos, que a nosa nación padece particularmente e que ten orixinado especiais dificultades sociais e económicas: empobrecemento, precariedade, exclusión social, crise demográfica, emigración etc.

Frente a isto, é máis urxente do que nunca que a Galiza participe con voz propia e con máis forza no debate no Estado sobre os dereitos nacionais e, vinculados a eles, os sociais. Isto pasa por superar un modelo autonómico que o nacionalismo galego sempre considerou como insuficiente e inadecuado para dar solución aos problemas da Galiza e para lle dar saída ás aspiracións políticas dunha nación que quere exercer como tal. Trátase dunha autonomía outorgada, limitada e tutelada. Un modelo de descentralización, basicamente administrativa, que non nos recoñece como suxeito político e que non dotou a nosa nación da capacidade real de poder decidir sobre aspectos básicos da nosa economía, da organización territorial, social, cultural ou lingüística, entre outras. E ese marco político, limitado e

limitante, supuxo un grave prexuízo en termos económicos e sociais para as galegas e galegos.

Nese sentido, a posición estratéxica a defender polo BNG é clara: a Galiza non só debe ver recoñecido o dereito de autodeterminación, senón que debe ter tamén a posibilidade de o exercer. Isto implica que a Galiza poida asumir a soberanía por medio dun proceso constituínte propio na perspectiva de creación dun estado galego soberano, a República da Galiza. A asunción da soberanía política é premisa básica para que calquera proceso político posterior de articulación institucional parta da decisión libre do pobo galego, en relación exclusivamente cos seus intereses nacionais e populares.

No entanto, do mesmo modo en que somos conscientes de que moitos problemas non acharán solución real sen soberanía, tamén sabemos que nunca debemos esperar para tratar de os mitigar. Desde ese punto de vista, a actitude da representación do BNG nas Cortes españolas será dupla. Por unha parte, a de levar alí todos os problemas que afectan o noso pobo e sexan competencia estatal, propondo alternativas viábeis e defendéndoas sempre coa vontade de os resolver. Por outra parte, tratando en todo momento de ligar a posibilidade de solucións xustas, sociais e definitivas á reclamación da plena capacidade da Galiza para decidir por si propia.

O BNG é a manifestación política da vontade de o pobo galego traballar e actuar con liberdade e responsabilidade para orientar a Galiza noutra dirección, a da crenza na dignidade e capacidade do pobo galego para construír unha vida mellor. Nese sentido é que debe ser entendido o conxunto de medidas parciais e tácticas incluídas neste Programa. O BNG, sen perder nunca de vista o horizonte estratéxico da soberanía, defenderá todas aquelas medidas que se orientaren nun sentido democratizador e de recoñecemento dos nosos dereitos nacionais.

É iso o que exige do BNG o sentido de responsabilidade para co noso país, mais tamén a certeza de que é a mellor maneira de pór en evidencia diante do noso pobo as limitacións do punto de vista democrático do sistema político español e mesmo a súa incapacidade para aceptar, no mínimo que for, a pluralidade nacional, cultural, lingüística ou socio-económica. Por iso seguiremos a constatar que o estado español é irreformábel na súa esencia, e que precisamos seguir a sumar forzas en favor da

ruptura democrática. En todo o caso, estamos para reclamar con firmeza todo aquilo que ao pobo galego corresponder porque somos conscientes de que no actual contexto político e no período que se abre con estas eleccións, **é preciso materializar propostas que vaian na dirección de establecer avances inmediatos.**

Por iso, no camiño de ir afondando na capacidade de decisión da Galiza, defendemos:

- Un novo modelo de financiamento baseado no concerto económico e na bilateralidade co Estado. Trátase de que a Galiza recade todos os impostos e teña capacidade para decidir como os inviste, na perspectiva de poder desenvolver políticas sociais, de desenvolvemento económico autocentrado e de blindaxe de servizos públicos universais e de calidade.
- Posta en marcha dunha Facenda Galega, como instrumento esencial do novo modelo de financiamento. En consonancia, capacidade plena da Galiza para implantar unha política fiscal propia, que responda a criterios de xustiza e redistribución social e que garanta que todas as empresas que operan no noso País paguen aquí os tributos que corresponder, de forma que permita facer uso pleno dos nosos recursos económicos para os colocar ao servizo do pobo galego.
- Transferencia das competencias en materia de relacións laborais, co obxectivo de que a Galiza teña plena capacidade legislativa e normativa para establecer un marco galego de relacións laborais visando blindar a negociación colectiva e garantir traballo digno e con dereitos para toda a poboación. Tamén para poder establecer unha renda social básica que permita desfrutar de condicións de vida dignas e participación social plena a toda a poboación galega, sen exclusións de ningún tipo.
- Transferencia das competencias en materia de Seguranza Social e pensións, co obxectivo de garantir un sistema sanitario e de atención social ben financiado e unhas pensións dignas para as persoas xubiladas.
- Traspaso das competencias en materia de seguranza pública, policía xudicial e fiscal, así como garda de tránsito, para o que será despregado o corpo da Policía Galega.

- Asunción por parte dos poderes públicos galegos de plena capacidade para exercer o control público dos nosos recursos, dos sectores estratéxicos da economía e, especialmente, da produción de enerxía. Isto é básico para poder establecer unha Tarifa eléctrica galega baseada nun modelo tarifario que abarate o prezo da electricidade e permita que este ben público reverta no desenvolvemento social e económico do país e na eliminación da exclusión enerxética.
- Traspaso das competencias en infraestruturas de transporte de interese xeral: portos de interese xeral, aeroportos e control de tráfico aéreo na Galiza, alén de estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego.
- Transferencia das competencias en materia de costas e do dominio público marítimo-terrestre, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade do país como as de intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega). Tamén se afrontará o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas (transferencia plena da confederación hidrográfica Miño-Sil).
- Transferencia das competencias e servizos de salvamento marítimo e gardacostas, así como dos centros do Instituto Español de Oceanografía na Coruña e en Vigo.
- Traspaso AP-9 (Ferrol-A Coruña-Vigo) e AP-53 (Santiago-Lalín) e nacionalización destas infraestruturas para acabar co espolio económico que representan actualmente.
- Traspaso dos fondos e competencias relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.
- Traspaso á Galiza dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e históricos, que se achán espallados en diversas institucións e organismos do Estado.
- Traspaso competencias en materia deportiva do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas. Galiza participará, con pleno dereito, en todas as disciplinas, nas competicións deportivas internacionais oficiais.

Que  
**Galiza**  
Conte!  
**Con**  
**Máis**  
**Forza!**

- Transferencia dos activos da SAREB (entidade de xestión de activos inmobiliarios das entidades financeiras saneadas) situados na Galiza, para incorporación nunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza.
- En todo o caso, traspaso á Administración Galega de todas aquelas competencia previstas e que aínda detén a administración do Estado.

## 2. Máis dereitos para unha maior xustiza social

Conquistar condicións de vida e de traballo dignas, ese é o obxectivo do Bloque Nacionalista Galego diante dunha realidade social e económica que sitúa milleiros de persoas no noso País na precariedade.

Cómpre lembrar que as galegas e galegos perciben os segundos salarios e as segundas pensións máis baixas do Estado. Así mesmo, segundo os últimos datos publicados, correspondentes ao ano 2022, a taxa de risco de pobreza e exclusión social no noso País (taxa AROPE) sitúase no 23,6 %, isto é, 620 mil persoas, máis que poboación posúen as cidades da Coruña e Vigo xuntas.

Hoxe en día ter un posto de traballo non asegura ingresos suficientes para garantir condicións de vida dignas, e a vivenda, un dereito social fundamental, tornouse como resultado das políticas especulativas nun ben de luxo de cada vez máis difícil acceso.

Para o Bloque Nacionalista Galego constitúe unha prioridade política a recuperación de dereitos roubados ás maiorías sociais ampliándoos con outros novos que abrangan todos os ámbitos das nosas vidas.

En definitiva, a defensa dunha sociedade máis xusta, equitativa, accesíbel e inclusiva.

### Combater a pobreza e promover a inclusión social

- Reclamar **a transferencia á Galiza do Ingreso Mínimo Vital (IMV)** para garantir unha xestión máis áxil e acaída á realidade galega, permitindo a creación dunha verdadeira Renda galega de inclusión social e laboral.
- Aplicar un **programa específico de loita contra a pobreza** e contra a exclusión social.
- Elevar, con carácter global, o **investimento en materia de protección social** até o situar, como mínimo, no gasto medio do conxunto da Unión Europea, asegurando o

carácter público dos servizos sociais básicos, tanto na súa titularidade como na xestión e financiamento.

- Garantir **o dereito da autonomía persoal das persoas con discapacidade** a través de medidas como o desenvolvemento da figura da asistencia persoal.
- Estabelecer o acceso directo ao 33 % xunto co diagnóstico para as persoas con enfermidades neurodexenerativas.

### **Polo dereito a unha vivenda digna**

- Aumentar o investimento destinado á vivenda até alcanzar os 250 euros por habitante.
- Incrementar as reservas mínimas de solo de vivenda protexida, especialmente para actuacións de renovación e rexeneración urbanas.
- Transferir de forma gratuíta as vivendas, solos e promocións da SAREB, de forma que permitan aumentar a oferta de parque público de vivenda do IGVS alí onde exista demanda.
- Impulsar a protección das persoas arrendadoras fomentando, entre outros, contratos máis longos e estábeis.
- Reformular a fiscalidade sobre a vivenda con criterios redistributivos.
- Evitar a degradación, o alleamento e a privatización do patrimonio público do solo e da vivenda, nomeadamente de entidades estatais como ADIF, INVIED ou Portos do Estado, procurando o seu uso como vivendas e espazos públicos e a cesión ás CCAA.
- Ampliar os criterios de recargo do IBI de forma que promovan unha maior mobilización da vivenda baleira.
- Incorporar nos programas estatais de vivenda medidas e recursos para mobilizar a vivenda baleira cara á súa ocupación e cara ao aluguer accesíbel, de xeito negociado coas administracións competentes en materia de vivenda e ordenación territorial e atendendo a un reparto que considere a incidencia territorial deste fenómeno.

- Modificar os criterios e a xestión de axudas á rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética, incluíndo os fondos europeos, co fin de lograr que sexan máis accesíbeis para as persoas máis vulnerábeis.
- Modificar os criterios do bono xove de vivenda, para adecualo á realidade dos pisos compartidos.

### **Máis dereitos para a clase traballadora**

- Derrogación íntegra das contrarreformas laborais que consolidaron a mudanza aprobada en 2021 e impulso dunha **modificación integral do Estatuto do traballo** para restituír, entre outros dereitos:
- Os 45 días de indemnización por despedimento improcedente
- A autorización administrativa nos despedimentos colectivos
- Os salarios de tramitación
- Que non se poidan producir descolgues dos convenios por parte das empresas
- Que non poida haber modificación das condicións laborais ou de xornada sen que exista un acordo previo coa representación laboral
- Medidas que poñan control á subcontratación para a equiparación real de dereitos dos traballadores e traballadoras e para que haxa un refortalecemento da negociación colectiva.
- A prevalencia dos convenios sectoriais sobre o da empresa –non só nos salarios– así como a prevalencia dos convenios de ámbito provincial ou galego sobre os convenios de ámbito estatal
- Promover a implantación da **xornada laboral de 35 horas semanais** sen redución salarial.
- Incremento do **Salario Mínimo Interprofesional** até o situar no 60 % do salario medio, tal e como fixa a Carta Social Europea.



- Garantir a revalorización salarial anual das empregadas e empregados do sector público.
- Desenvolver un Marco Galego de Relacións Laborais, é dicir, ter como obxectivo convenios de ámbito galego, mais tamén que, en todo o caso, os convenios de nivel superior ao de empresa teñan prevalencia sobre os de rango inferior e tamén os estatais. Igualmente, os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel da Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.
- Eliminar as Empresas de Traballo Temporal (ETT), a subcontratación en cadea e as falsas/os autónomas/os.
- Reforzar o Servizo Público de Emprego (SEPE) e garantir a cobertura de todas as persoas sen ocupación.
- Impulsar un plan de acción contra a sinistralidade laboral que abrangue a promoción do emprego estábel naqueles sectores con maiores taxas de sinistralidade, un maior control e fiscalización das empresas e sectores que acumulan un elevado número de accidentes no traballo e a redución obrigatoria da xornada laboral nas actividades máis perigosas, entre outras medidas.

### **Na defensa do sistema público de pensións**

A reforma das pensións aprobada en 2023 consolida as reformas anteriores (2011 e 2013), cuestionando a viabilidade do sistema público co obxectivo único de promover e favorecer os fondos privados de pensións. Ademais, responde unicamente ás duras exixencias impostas pola Unión Europea para acceder aos fondos europeos.

O Bloque Nacionalista Galego defende o traspaso a Galiza das competencias correspondentes ao réxime da Seguridade Social para garantir unhas pensións dignas para toda a poboación en idade de xubilación. Entre tanto isto non acontece, traballamos para asegurar o sistema público de pensións e mellorar as condicións e a calidade de vida das e dos pensionistas presentes e futuros.

- Incremento das **pensións mínimas** até situalas no 60 % do salario medio.

- **Revalorización** anual das pensións conforme ao IPC real.
- Recuperar a **xubilación ordinaria aos 65 anos** e a parcial aos 61 anos.
- Garantía de sostemento do sistema público de pensións a través da supresión do veto ao financiamento público, con cargo aos orzamentos e aos impostos que gravan a riqueza.
- Mudar o **período de cálculo da base reguladora**, que deberá realizarse a partir dun período de 10 anos escollidos pola persoa beneficiaria.
- Fixar **coeficientes redutores** da idade de xubilación para as traballadoras e traballadores de profesións cuxo grao de penosidade aínda non foi recoñecido, como o naval, e a súa ampliación para o sector pesqueiro ou o sector marisqueiro.
- Incrementar a progresividade do novo sistema de cotización **das traballadoras e traballadores autónomos** en función dos seus ingresos reais.

### **Garantir os dereitos das persoas maiores e dependentes**

Na actualidade, Galiza conta cunha esperanza de vida media de 86 anos para as mulleres e 80 para os homes. A poboación maior de 65 anos representa xa máis de 25 % da sociedade galega e as previsións é que esta porcentaxe vaia en aumento.

Vivimos máis anos grazas a un incremento da esperanza de vida, mais, en que condicións vivimos cando imos facendo anos?

O aumento da lonxevidade non significa de maneira automática que eses anos de vida teñan correspondencia cunha maior calidade e benestar. De feito, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (2018) e a Enquisa Nacional de Saúde (2020) a esperanza de vida sen limitacións graves sitúase en 78,9 anos para as mulleres e 75,6 anos para os homes.

Isto quere dicir que unha parte importante da vellez en Galiza está condicionada por algunha discapacidade ou dependencia.

Neste senso, para garantir os dereitos fundamentais das persoas maiores e dependentes galegas, é preciso dispor dos recursos económicos necesarios que permitan soste unha rede de servizos públicos fortes dirixidos a blindar o dereito a unha vellez digna e saudábel. Nesa tarefa, cómpre lembrar que os sucesivos gobernos españois incumpriron e incumpren as súas obrigas legais, a comezar pola achega de 50 % do custe do SAAD, tal e como dispón a lei de dependencia desde 2006, até o punto de acumular unha débeda de 200 millóns de euros anuais.

Desde o BNG, comprometémonos a:

- Exixir o cumprimento por parte do Goberno español das súas obrigas en materia de **financiamento do SAAD**, así como reclamar o pagamento da **débeda contraída coa Galiza** desde a aprobación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e que actualmente supera os 2.000 millóns de euros.
- Garantir a **atención presencial** sen cita previa en todas as oficinas da Administración, facilitando a accesibilidade aos servizos públicos cando sexa preciso.

### **Ningunha persoa é ilegal**

Construír sociedades inclusivas, orgullosas da súa diversidade e nas que os dereitos humanos de todas as persoas sexan garantidos é unha obriga; porén, na actualidade isto non é así. Moitas persoas son vítimas de comportamentos e actitudes discriminatorias, racistas e xenófobas que proceden do ámbito privado mais tamén do público.

Desde o Bloque Nacionalista Galego asumimos o compromiso de:

- Impulsar as **reformas lexislativas necesarias para garantir os dereitos da poboación migrante** (vivenda, traballo, atención sanitaria, educación...) así como favorecer e facilitar os procesos de

regularización administrativa.

- Garantía de **cumprimento do dereito internacional en materia de protección** da poboación migrante, refuxiada e/ou solicitante de asilo.
- Dotación dos **recursos humanos e materiais necesarios ás oficinas de estranxeiría** para garantir a debida atención, no tempo e na forma, da poboación migrante, refuxiada e/ou solicitante de asilo.
- **Erradicación de calquera forma de discriminación e actitude racista** nas administracións públicas.
- **Peche dos Centros de Internamento para Estranxeiros (CIEs)** no Estado español e fin das deportacións, garantindo o respecto escrupuloso dos dereitos humanos para a poboación migrante, refuxiada e/ou solicitante de asilo.

## 3. Políticas feministas para avanzar nos dereitos das mulleres

Garantir o dereito humano e fundamental das mulleres a vivir unha vida libre de violencias no ámbito público e no privado.

Grazas ao impulso e ao traballo colectivo de moitas mulleres ao longo da historia e, xaora, grazas á organización e loita do movemento feminista, tamén do galego, fomos conquistando dereitos e espazos que nos foran negados. Porén, fica moito camiño por percorrer para acabar coas fendas e coas discriminacións que sufrimos as mulleres. Tamén, para erradicar todas as formas de violencia machista.

Nos últimos anos, a Galiza foi, grazas ao feminismo e ao impulso social e político do nacionalismo galego, un referente en materia de políticas feministas, tanto de promoción da igualdade entre persoas como na loita contra a violencia machista. Porén, ámbitos como o xudicial ou o laboral dependen en boa medida do Estado, por iso en canto Galiza non poida decidir por si propia, defenderemos políticas feministas para seguir conquistando dereitos.

### Vidas libres de violencia machista:

- Incremento da transferencia dos fondos económicos destinados ao cumprimento do **Pacto de Estado contra a violencia machista**, impulsando, de maneira decidida, o seu cumprimento e desenvolvemento. Para tal fin, exixiremos a revisión dos criterios de repartición dos recursos económicos dirixidos á administración local e galega para que teñan en conta a realidade específica galega (dispersión poboacional, alto número de núcleos de poboación e o avellentamento, entre outros) así como os recursos existentes.
- Introducción da **perspectiva de xénero en todas as políticas públicas** como elemento transversal, promovendo a erradicación de calquera forma de

discriminación ou fenda por razón de xénero en calquera ámbito ou servizo público.

- Introducción do termo feminicidio na lexislación española e impulso dun **Estatuto de Vítima de Feminicidio** para unha abordaxe integral da violencia machista.
- **Mellorar o sistema de protección das mulleres en situación de violencia machista** a través, entre outras, das seguintes medidas:
  - Xeralizar a elaboración de Informes forenses de valoración de risco complementarios aos policiaais, así como revisión do sistema VioGén para mellorar o seu grao de eficiencia e eficacia.
  - Destinar fondos estatais para incrementar e reforzar os servizos do Imelga.
  - Impulso das mudanzas necesarias para estender os mecanismos de xeolocalización do agresor a partir daqueles casos con valoración de risco medio.
- Cumprimento das obrigas internacionais en materia de prevención e loita contra todas as formas de violencia machista, nomeadamente do **Convenio de Istambul**.
- Revisar a lexislación en materia de **violencia sexual**, de forma que o **consentimento** sexa o elemento central, en liña coas exixencias e acordos do Convenio de Istambul, sen requirir ás vítimas demostración de resistencia ou de secuelas físicas, e que os elementos de violencia, intimidación ou outras circunstancias que concorreren sexan tidos en conta só a efectos de gradación da pena e non exixidos para a consideración da existencia do delito.
- Impulsar medidas concretas e específicas dirixidas á **formación obrigatoria de todos os axentes, organismos e institucións implicados**, directa ou indirectamente, coa prevención e intervención fronte á violencia machista, comezando polas forzas e corpos de seguridade e a xustiza.
- Creación de **xulgados exclusivos de violencia machista**, nos que tamén se inclúa o tratamento dos delitos sexuais, **en Lugo, Ourense, Compostela, Ferrol e Pontevedra**.

- Impulso das mudanzas legais oportunas para combater calquera forma de **violencia machista no ámbito dixital** e garantir a debida persecución destes delitos cando se cometan a través da rede e/ou a través do uso de tecnoloxías e plataformas dixitais (incluída a Intelixencia Artificial).
- Oposición firme e contundente ante calquera intento de legalización, regulamentación e banalización dos **ventres de alugueiro** por se trataren dunha forma de explotación dos corpos das mulleres, así como de mercantilización de seres humanos (mulleres e crianzas). Impulsar as mudanzas legais necesarias para impedir esta práctica a través de terceiros países.
- Impulso do **combate á trata e á explotación de seres humanos** a través de medidas integrais e da protección das vítimas cun enfoque de dereitos e sen ningún tipo de discriminación con base á súa nacionalidade.
- Impulsar **medidas estratéxicas conducentes á abolición da prostitución** desde unha perspectiva que puna e persiga o proxeneta e prostituidor, ficando as mulleres prostituídas libres de calquera criminalización, estigmatización ou aproximación moralista. Desde o respecto ao dereito de autodeterminación das mulleres e á súa libre elección e mais desde o dereito á vida sen ningunha forma de violencia nin discriminación, impulsaranse medidas conducentes a:
  - Ofrecer unha rede de cobertura que garanta a liberdade para deixar a prostitución a todas as mulleres que así o queiran cubrindo as súas necesidades persoais básicas (ingresos, aloxamento, emprego, regularización administrativa...)
  - Persecución intensa e efectiva da prostitución forzada, con coordinación eficaz dos distintos organismos, corpos e entidades (policía, garda civil, xulgados, avogacía, inspección de traballo etc).
  - Inclusión no Pacto de Estado do impulso a unha rede pública de centros de media estadía para o desenvolvemento persoal integral das mulleres en situación de prostitución que decidan deixar de exercela.

## Promover a igualdade real

Recoñecemento legal das **familias monoparentais** en orixe, por decisión propia, e impulso dunha lexislación específica –para aquelas cuestións de competencia estatal– que permita garantir os seus dereitos e superar a discriminación estrutural que sofren actualmente.

Impulso de políticas de **apoio á conciliación** persoal e de coidados incluíndo a compensación económica das reducións de xornada, a garantía de ingresos en períodos de excedencia e a achega económica da Administración Xeral do Estado no financiamento da gratuidade das escolas infantís galegas.

Impulsar medidas dirixidas a **eliminar calquera forma de discriminación por razón de xénero e de sexismo nos medios de comunicación**, tanto públicos como privados, promovendo un tratamento informativo adecuado da violencia machista entre as que se incluírá un código ético que deberá ser cumprido para a obtención de fondos públicos.



## 4. A defensa dos dereitos das persoas LGBT

O BNG leva décadas apostando polos dereitos do colectivo LGBT nun compromiso que se mantén firme até a actualidade.

Logo dos avances lexislativos producidos neste ámbito co goberno de coalición, aprobados co apoio do BNG e doutras forzas soberanistas, a folia de ruta pasa por consolidar e ampliar o acadado.

E é que, malia todo, fica moito camiño por percorrer. As persoas que conforman o colectivo LGBT seguen a padecer discriminación e violencia sistémicas, así como a negación dos seus dereitos cívicos (acoso, agresións, unha taxa de suicidio máis elevada...).

As persoas non binarias, as persoas trans migrantes e as persoas trans menores de idade fican invisibilizadas e sen recoñecemento axeitado, mesmo despois dos avances normativos recentes.

De maneira específica, no tocante ás persoas trans, a despatoloxización legal precisa de ser acompañada dunha “despatoloxización social”, con medidas formativas que faciliten o trato coa Administración ou co sistema sanitario, garantindo os seus dereitos fronte ás violencias e discriminacións. Do mesmo xeito, cómpre avanzar na equiparación de dereitos a nivel laboral e no relativo ás persoas migrantes e solicitantes de asilo.

Neste senso, e desde o noso compromiso coa loita contra a discriminación e a LGBTfobia, o BNG propón as seguintes medidas:

- **Envellecemento digno e sen LGBTfobia**, con plans formativos específicos destinados aos profesionais do sector sociosanitario das residencias de terceira idade.
- **Loita contra os delitos de odio**, garantindo unha correcta estatística e a promoción de medidas encamiñadas a erradicaren a discriminación.
- Promoción de **medidas positivas para a inclusión laboral**

## e social das persoas trans.

- **Apoio e acompañamento das persoas LGBT+ migrantes, refuxiadas ou solicitantes de asilo.**
- A **supresión** de calquera tipo de **subvención ou axuda pública** e a **imposición de sancións** para organizacións que teñen como obxectivo a negación e a vulneración dos dereitos das persoas LGBT ou que se expresen neste sentido.
- A **creación do servizo de igualdade de xénero e diversidade sexual** a cargo dunha profesional con formación e dedicación específica en todos os centros de ensino.
- A **inclusión de contidos transversais e específicos no ensino obrigatorio e universitario**, co fin de garantir a formación de profesorado e alumnado.
- A **concienciación e formación das e dos profesionais da sanidade** a respecto das necesidades específicas de saúde sexual e reprodutiva das persoas LGBTI.
- Protección das persoas **trans migrantes** permitindo o recoñecemento legal da súa identidade na documentación.

## 5. Na defensa da democracia e das liberdades públicas

Máis unha vez, un dos obxectivos do Bloque Nacionalista Galego para a próxima lexislatura será a defensa dos dereitos e liberdades públicas, tanto individuais como colectivas. Neste sentido, traballaremos polo respecto á vontade democrática dos pobos, a comezar pola vontade do propio pobo galego e dos seus dereitos e liberdades cívicas, así como de todas as cidadás e cidadáns do Estado, sen exclusión. Así mesmo, apoiará e promoverá iniciativas de participación popular en asuntos públicos de interese xeral, en defensa das maiores cotas de democracia.

Así, o BNG impulsará e apoiará todas aquelas iniciativas reivindicativas para lograr a conservación, a implantación e a extensión dos dereitos civís, económicos, políticos, sociais e culturais, en franco retroceso durante as últimas décadas. Temos a vontade e a convicción firme de que a protección e a extensión de tales dereitos está intimamente conectada cun respecto real e verdadeiro aos dereitos humanos. Por este motivo, o noso compromiso é e será ineludíbel.

No ámbito dos **dereitos e liberdades cívicas**, o BNG promoverá, defenderá e apoiará no Congreso as seguintes medidas:

- Derrogación íntegra da Lei Mordaza por favorecer a discrecionalidade policial e indefensión das e dos cidadáns. Especialmente a supresión da desobediencia e resistencia á autoridade, que é considerada unha infracción grave, igual que a negativa a identificarse ou a falta de consideración a algún axente das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado. Debe tamén prohibirse o uso de pelotas de goma, as devolucións en quente e eliminarse o principio de presunción de veracidade que se outorga á declaración dos axentes.
- Derrogación da prisión permanente revisábel, por ser unha forma encuberta de manter a cadea perpetua e ir en contra do principio de reinserción social, así como das medidas de liberdade vixiada unha vez cumprida a pena, baseadas nunha análise subxectiva sobre a “perigosidade” das persoas e en contradición cos principios de rehabilitación e de reinserción social. Así

mesmo, reclamar o traslado á Galiza das galegas e dos galegos que cumpren penas de prisión noutros territorios do Estado.

- Derrogación do delito de desordes públicas agravadas, por limitar e afectar o libre exercicio dos dereitos fundamentais de reunión e manifestación.
- Derrogación da Lei de Amnistía de 1977, que segue a impedir as reivindicacións e o amparo xudicial das vítimas de crimes contra a súa vida e dignidade cometidos durante o réxime franquista, así como o recoñecemento da imprescritibilidade dos delitos de xenocidio e lesa humanidade e do principio de legalidade internacional.
- Despois da sentenza que devolve ao pobo galego o Pazo de Meirás, o BNG seguirá a loitar pola recuperación dos demais bens espoliados polo ditador Francisco Franco e pola súa familia (Casa das Cunchas, Casa Cornide, Esculturas de Abraham e Isaac...).
- Impulso e apoio a reformas para lograr maior pluralidade informativa nos medios de comunicación de titularidade pública, especialmente durante as convocatorias de procesos electorais, pois garantindo a igualdade no acceso á información avanzamos en democracia.
- Reclamar a derogación dos preceptos que vulneran o dereito á intimidade, á presunción de inocencia e á tutela xudicial efectiva, contidos en varias novas normas aprobadas polo Goberno de coalición de PSOE e UP como son a LO 1/2020 de utilización dos datos do Rexistro de pasaxeiros, a LO 7/2021 de uso de datos persoais na prevención de delitos, ou a LO 9/2022, que permite o uso de información financeira para a prevención de delitos, dado que autorizan o acceso a información sensible sen necesidade de autorización xudicial.
- Impulsar reformas que aporten maior transparencia e control público na Lei de Segredos Oficiais e na Lei de Seguraza Nacional.
- Impulso á participación directa a través de consultas populares. Neste sentido, promoveremos e apoiaremos as mudanzas legais precisas que posibilitaren a convocatoria de referendos vinculantes en asuntos de interese, incluído o dereito de autodeterminación, así

como a participación social na planificación e na xestión dos fondos públicos.

- Denuncia e revogación do Concordato coa Igrexa Católica e, nomeadamente, dos Acordos vixentes coa Santa Sé, para avanzar nun Estado verdadeiramente laico. Isto suporá a eliminación dos privilexios da Igrexa e a presenza da relixión nas institucións e servizos públicos.
- Reforma estrutural da normativa electoral: implantación do método proporcional directo (cota Hare); establecemento da Galiza como circunscrición electoral; eliminación das porcentaxes mínimas do 5 % para conseguir representación; obrigatoriedade do voto secreto en cabina; prohibición de reparto de papeletas; garantía de igualdade entre partidos políticos respecto do acceso, da difusión e da presenza nos debates en campaña electoral en horario de máxima audiencia. Así mesmo, exixiremos o cumprimento do establecido na DA7 da lei de pesca, introducida grazas a unha emenda do BNG, que exige ao Goberno remitir ás Cortes unha proposta para garantir o voto telemático das e dos mariñeiros embarcados nas frotas de altura.
- Derrogación do delito de “ofensas ou aldraxes” aos chamados “símbolos ou emblemas” nacionais, por anacrónico, caduco e restritivo do dereito á liberdade de expresión.

Así mesmo, o Bloque Nacionalista Galego apoiará e impulsará medidas que avancen na **loita contra a corrupción**, entre as que se inclúen:

- Inhabilitación directa de cargos públicos e representativos que cometan fraude fiscal ou cando se detecten operacións económicas propias –ou en conivencia co seu contorno familiar e profesional– a través de paraísos fiscais, así como medidas de control exhaustivo das vías de evasión fiscal, evitando que o capital defraudado encontre refuxio en paraísos fiscais ou en contas noutros Estados.
- Regulación estrita das portas xiratorias e das incompatibilidades; concretamente a supresión da posibilidade de acordar a compatibilidade profesional polas propias Cámaras daquelas persoas que ostentaren

a condición de Deputadas e Senadoras.

Para favorecer o incremento da democracia e o control público da acción política consideramos que cómpre impulsar reformas que melloren a **transparencia na contratación pública**, como poden ser:

- Supresión das restricións de carácter normativo para a xestión pública directa de servizos públicos, respectando así a autonomía de cada institución.
- Modificación da normativa de contratación pública, implantando a transparencia na contratación negociada e directa, publicando nos perfís de contratación as licitacións negociadas.
- Facilitar a participación das pequenas e medianas empresas na contratación pública, con todas as garantías legais de integridade e transparencia públicas, así como impulsar un modelo de contratación pública que contribúa ao crecemento sustentábel e que integre unha perspectiva social e ambiental nos criterios de adxudicación, baseado tamén na equidade e na xustiza sociais, e tendente a fixar investimento produtivo estábel pensado para unha economía de pequena escala, como son as PEMES.
- Reestruturación administrativa e adelgazamento do aparello do Estado. Supresión da administración periférica do Estado e tamén dos departamentos ministeriais con competencias transferidas.
- Supresión das deputacións provinciais, co traspaso de competencias e funcións á Galiza e aos concellos, evitando a creación de estruturas institucionais substitutivas.
- Transitoriamente, en tanto non se abordaren as anteditas reformas de maior alcance, derogación da reforma local que limita a autonomía neste ámbito e a prestación de servizos públicos municipais.

## 6. Por uns servizos públicos de calidade

O BNG defende e traballa a prol dunha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria. Para conquistala son imprescindíbeis uns servizos públicos, universais, fortes e de acceso gratuíto, así como datos dos medios humanos e materiais necesarios para atender coa máxima calidade as necesidades presentes e futuras das galegas e dos galegos.

Porén, o centralismo na repartición de recursos económicos fai que a Galiza reciba menos financiamento do que lle correspondería e limita a capacidade para soste os nosos servizos públicos esenciais.

### Educación

A educación, como pilar básico na construción dunha sociedade galega xusta, solidaria e igualitaria, está no celme das políticas do BNG. Consideramos que os poderes públicos teñen que garantir unha educación pública, universal e gratuíta de 0 a 18 anos que contribúa para formar persoas críticas e libres, para a transformación social, para a normalización lingüística, para valorar e coñecer a nosa cultura e historia e para o desenvolvemento integral da Galiza. Cremos nun ensino integrador e coeducativo, democrático e feminista, que faga da equidade social o seu elemento vertebrador.

Un modelo educativo galego, asentado na nosa realidade, co impulso das nosas potencialidades e ao servizo das necesidades da nosa sociedade, só se pode construír desde o ensino público e cuns fondos alicerces na laicidade, na coeducación, na inclusión, na igualdade de oportunidades e na democracia. Unha educación concibida como un servizo público, cuns altos niveis de calidade e ao servizo do pobo e dunha Galiza soberana, precisa dotarse de todas a competencias para a súa ordenación no ámbito galego.

O actual sistema educativo emana do Estado centralista que, mediante os artigos 3 e 27 da Constitución, asegura a privatización, a confesionalidade e a españolización do ensino. O Estado continúa reservando para si numerosas

competencias que impiden conformar un sistema educativo propiamente galego. A reforma da LOMCE coa aplicación da LOMLOE é exemplo de que a alternancia no goberno estatal pode introducir mudanzas, mais o control do sistema educativo é un elemento consubstancial coa visión centralista e unitaria do Estado; unha visión que só o soberanismo puxo e pon en cuestión.

Entre tanto o Estado mantiver as competencias básicas en educación, propomos:

- Superar o actual marco legislativo, recollido nos artigos 3 e 27 da Constitución. **Dotámonos do poder político necesario para podermos decidir sobre a ordenación e sobre a planificación dun sistema educativo galego**, inserido na nosa realidade social, económica, cultural e lingüística, en función das nosas necesidades e carencias e ao servizo da transformación e do desenvolvemento da Galiza.
- **Estabelecer un marco educativo novo que supere as limitacións competenciais aplicadas por unha visión unitaria do Estado e do sistema educativo**, tanto no ensino non-universitario (LOMLOE, LOFP) como no universitario (LOSU) e que, por tanto, parta da configuración plurinacional e plurilingüe do Estado; que a Galiza poida organizar e ordenar o sistema educativo mediante unha Lei Galega de Educación que regule o noso sistema educativo até o Bacharelato, unha Lei Galega da Formación Profesional, unha Lei de Ensinanzas Artísticas Superiores que permita que os centros que imparten estas ensinanzas poidan adscribirse á universidade e unha Lei do Sistema Universitario Galego.
- **Promover un modelo educativo fundamentado no dereito universal á educación** de todos e todas as galegas de 0 a 18 anos e obrigatoria de 3 a 18 anos, sustentado nunha única rede de ensino, a pública, con servizos complementarios, con libros de texto, material escolar e actividades extraescolares gratuítas. Un ensino público, galego, laico, coeducativo, gratuíto e democrático.
- Transferir ao goberno galego todas as competencias pendentes, garantindo a plena capacidade para deseñar e desenvolver un modelo educativo propio.



### **Traspaso de todos os programas educativos e dos centros educativos e formativos situados na Galiza**

adscritos á administración central e de todas as competencias para poder elaborar os plans de estudo e os deseños curriculares en todas as etapas educativas, así como a política de bolsas de estudo para ensino non-universitario; organizar todas as ensinanzas e establecer os currículos escolares de todas as materias e fixar os criterios de avaliación do proceso de aprendizaxe e da promoción do alumnado para fixar un ensino inclusivo e integrador que dea unha resposta satisfactoria e adecuada ao alumnado con necesidades especiais.

- **Garantir a plena e exclusiva competencia en xestión do persoal docente:** regular os corpos e especialidades docentes, fixar o sistema de acceso á función pública docente, con plena autonomía para suprimir as taxas de reposición de efectivos nas ofertas de emprego público e así poder dotar o ensino público do profesorado que precise; regular a competencia e composición de todos os órganos colexiados e da elección democrática das direccións por e entre quen integra os propios centros, eliminando a libre designación nos Centros Integrados de FP.
- **Defender inequivocamente o ensino público.** Regular a admisión do alumnado nos centros educativos para establecer, mentres non se suprimiren, os concertos educativos. Por conseguinte, sermos especialmente vixilantes co cumprimento efectivo da eliminación dos concertos educativos dos centros que segregan alumnado por razón de xénero, controlando que o modelo de segregación desapareza dos centros que reciben fondos públicos e aplicando medidas sancionadoras no caso do incumprimento da lei. No camiño da supresión dos concertos en todos os niveis educativos, eliminación destes no ensino non-obrigatorio e control do financiamento alleo aos concertos nos centros sostidos con fondos públicos.
- **Promover un ensino laico.** A materia de Relixión non formará parte do currículo escolar, xa que é incuestionábel que a difusión da fe relixiosa corresponde ao ámbito privado e familiar. Neste sentido, será denunciado e renegociado o concordato coa Santa Sé e os acordos coas demais confesións relixiosas.

- Dotar o sistema educativo de maiores niveis de calidade, apostando polo crecemento dos **orzos** destinados á educación até lle dedicar, como mínimo, **7 % do PIB**.
- **Defender unha reforma da Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU)** que defina claramente o modelo de universidade pública e permita exercer todas as competencias no ámbito galego mediante unha lei propia que evite a privatización do SUG e que permita a plena competencia para regular os plans de estudo das ensinanzas universitarias, actualmente limitadas polo RD 43/2015.
- Regular a **avaliación propia do persoal** docente e investigador a través dunha ACSUG reforzada e coordinada co resto de axencias autonómicas e coa ANECA, regular a ordenación dos corpos docentes universitarios e do persoal docente e investigador laboral, desde as figuras de acceso ás permanentes, eliminando a precariedade e regulando unha carreira profesional, investigadora e académica nas universidades públicas galegas.
- **Incrementar o financiamento das universidades públicas**, tomando como referencia o 1,5 % do PIB, para evitar que continúen co camiño de privatización encuberta, e favorecer a participación dos proxectos de investigación universitaria nos programas de I+D+I.
- **Transferir á Galiza as competencias e medios materiais da Universidade a Distancia (UNED)**, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das entidades dependentes do Centro Superior de Investigacións Científicas.
- **Transferir a competencia da xestión e da concesión de bolsas e axudas ao estudo** universitario, superando o actual modelo de repartimento e garantindo o acceso universal á ensinanza superior.

## Sanidade

A situación da sanidade pública é un dos primeiros temas de preocupación para a poboación galega; algo máis que xustifico, xa que o seu deterioro non fai máis que aumentar. A situación non pode máis que cualificarse de

alarma sanitaria, na que as persoas máis vulnerábeis son as máis afectadas.

Tanto o Goberno español como o galego poñen todo o empeño, non en solucionar os problemas, senón en controlar a realidade a través do relato, para materializaren o seu plan clarísimo de empuxarnos cara á sanidade privada. A situación actual non é froito da casualidade, ou dunha situación sobrevida; antes, é o resultado dunha voadura programada, que levan materializando desde hai tempo, nun obxectivo claro de mercantilizar a sanidade, converténdoa en nicho de negocio, coa consecuente perda do dereito á universalidade sanitaria, introdución de novos copagamentos para toda a poboación, redución de prestacións, redución de persoal, falta de renovación tecnolóxica, incremento substancial das privatizacións, redución orzamentaria...

O BNG aspira a que a Galiza asuma a plena capacidade para rexer o seu sistema sanitario, sen interferencias de ningún tipo. En todo o caso, mentres o Estado continúe reservando para si a potestade da lexislación básica e manteña un modelo de financiamento que nos prexudica e que afecta tamén o funcionamento dos servizos públicos, defenderemos:

- Aumentar o financiamento da sanidade pública, até como mínimo a media de investimento por habitante da UE, co incremento do valor dos parámetros de dispersión e envellecemento da poboación, asegurando maior racionalidade no gasto farmacéutico e garantindo a participación galega na fixación do prezo dos medicamentos.
- Garantir o carácter público da sanidade e reducir as súas posibilidades de privatización, mediante unha modificación da Lei 15/97, sobre habilitación de novas formas de xestión do Sistema de Saúde, que asegure que a titularidade, o financiamento, a xestión e a provisión de servizos sanitarios se fará con entidades exclusivamente públicas.
- Garantir o dereito á asistencia sanitaria con carácter universal, cunha nova Lei de Universalización, sen

aberturas interpretativas que ampararen a exclusión, orientada no fondo e na forma á cobertura sanitaria pública, con garantías, e de calidade para todas as persoas.

- Ampliar a Carteira de Servizos comúns do sistema público de saúde, coa transferencia económica precisa ás CC. AA., que permita prestacións como o acceso ás prestacións ortoprotésicas ou a rehabilitación a doentes con déficit funcional recuperábel para todas as persoas que as precisen, con financiamento 100% público; así como as prestacións sanitarias actualmente fora da atención primaria, ou só parcialmente financiadas como asistencia odontolóxica, podoloxía, óptico-optometrista, terapia ocupacional, logopedia...
- Modificar o marco legal actual que regula a participación económica das usuarias/os da sanidade pública no financiamento da prestación farmacéutica para pór fin ao modelo actual de copagamentos e repagamentos que se revela como un imposto á enfermidade.
- Eliminar a taxa de reposición de persoal como norma básica de obrigado cumprimento en todo o Estado, xa que vulnera as competencias da Galiza en materia de persoal en ámbitos que ten transferidos, como é sanidade.
- Dotarnos de capacidade normativa e financeira para asegurarmos a capacidade docente e investigadora do sistema educativo e sanitario en saúde, con coordinación entre a Universidade e o SERGAS, así como con estabilización do persoal investigador.
- Transferir a Galiza todas as competencias relacionadas cos programas de formación MIR, EIR, PIR... e incrementar o número de prazas consonte as necesidades reais que presenta o SERGAS de cobertura de profesionais.
- Levar a cabo as medidas normativas necesarias para garantir coa maior urxencia o dereito do persoal estatutario dos servizos de saúde á xubilación anticipada e parcial, atendendo á realidade específica do persoal estatutario e funcionario dos servizos de saúde, así como tomando en consideración as súas singularidades.
- Modificar a LOPS para adecualala á normativa actual do espazo europeo de formación e para incorporar

como profesións sanitarias outras non contempladas actualmente como a que realizan as profesionais da Bioloxía no ámbito da investigación biosanitaria e asistencial.

- Actualizar as clasificacións das profesionais da sanidade pública para adaptalas aos criterios formativos, ás funcións e ás responsabilidades actuais.
- Modificar o Estatuto Marco para reforzar os dereitos das traballadoras e traballadores da sanidade pública e o exercicio das súas competencias na xestión da sanidade pública.
- Impulsar de maneira decidida a investigación das denominadas enfermidades raras, garantindo o seu financiamento público de forma adecuada.
- Estabelecer as liñas prioritarias de investigación en saúde da muller, con financiamento suficiente, para avanzar no coñecemento das doenzas que lle afectan, revisar os padróns de síntomas e a evolución das enfermidades, así como:
  - Estabelecer indicadores de xénero nos protocolos de autorización e validación de ensaios clínicos.
  - Estabelecer liñas de investigación nas doenzas que afectan, ou teñen máis prevalencia, nas mulleres (endometriose, fibromialxia...)
  - Garantir representación equitativa de mulleres e de homes nos ensaios clínicos.
  - Impulsar estudos para coñecer a actuación dos tratamentos en canto a eficacia e seguridade.
  - Transferir todo o coñecemento xerado á sociedade, á formación e ás e aos profesionais.
- Traspasar as competencias en materia de saúde penal á Xunta de Galiza para ser asumida polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na DA 6.<sup>a</sup> da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio, de xeito que a atención a este colectivo se realice na rede sanitaria pública galega. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios humanos, económicos, e materiais necesarios,

atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo, así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co SERGAS.

- Elaborar o currículo profesional do persoal TCAE, acorde coa actividade laboral que desempeñan, e outorgarlle o nivel 3 que lle corresponde de clasificación profesional, así como derrogar a disposición transitoria 3.<sup>a</sup> do EBEP, aplicando o seu artigo 76.
- Regular legalmente a figura das e dos biólogos sanitarios e proceder a incluír este persoal na Lei 44/2002 de 21 de novembro de Profesións Sanitarias.

## 7. A economía ao servizo das maiorías sociais

### Por unha nova fiscalidade

Existe unha penalización fiscal das rendas do traballo fronte ás do capital. Por iso, en tanto non acadarmos un modelo de financiamento adecuado para o noso País que nos capacite para regular e recadar todos os impostos, defendemos promover reformas na lexislación estatal para lograr un incremento da progresividade na tributación dos rendementos do capital e das rendas máis altas, porque o sistema actual discrimina as persoas cuxa principal fonte de ingresos é o traballo.

En primeiro lugar, a respecto do **Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)**, consideramos preciso:

- **Incrementar a súa progresividade:** que pague máis quen máis renda obtén.
- **Deflactar as tarifas do IRPF** en función da taxa de inflación na Galiza.
- Estabelecer **distintos tipos de gravame** en función da natureza dos rendementos, minorando a tributación polos ingresos do traballo e aumentando a correspondente aos derivados do capital.
- **Deducións inversamente proporcionais aos tipos de gravame.**
- **Modificar a normativa reguladora, elevando os límites de exención dos gastos por axudas de custo e por locomoción retribuídos a traballadores e traballadoras** de 0,19€ por km a 0,30€ por km, para así evitar que tributen polo exceso derivado do aumento dos prezos.

A respecto do **Imposto sobre Sociedades (IS)**, propoñemos impulsar as seguintes medidas:

- As **empresas que exercen a súa actividade de explotación na Galiza** e sitúan o seu domicilio social

noutras partes do Estado deben tributar aquí polo Imposto de Sociedades.

- Estabelecer a súa **progresividade en función da dimensión da empresa**.
- **Deducións inversamente proporcionais aos tipos de gravame soportados**.
- Aplicar un **incremento da porcentaxe de redución da base imponible** do IS do 10 % ao 25 %, pola denominada **reserva de capitalización** ás entidades de reducida dimensión ou PEMES, premiando a non-distribución dos beneficios, para que as empresas se capitalicen cos seus propios beneficios en lugar de recorreren ao financiamento externo, reducindo a súa débeda.
- Estabelecer **deducións adicionais para empresas cuxa actividade complemente ciclos produtivos** inseridos nos sectores estratéxicos galegos.

En relación co **Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)**, por se tratar dun imposto indirecto que deben pagar as persoas con independencia do seu nivel de renda, e que supón unha traba no acceso a bens básicos no caso das rendas máis baixas e das clases populares, defendemos:

- **Reducir a imposición do IVE de bens e servizos esenciais**, así como os bens de carácter cultural, para que tributen no tramo superreducido.
- Estabelecer a **rebaixa permanente do IVE** de produtos de alimentación básica, produtos do mar, elementos de hixiene persoal e feminina, transporte público de pasaxeiros, investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovábeis no ámbito doméstico e nas pequenas e medianas empresas.
- Estabelecer a **permanencia da rebaixa do IVE da electricidade, gas**, biomasa para quecemento e madeira para leña no 5 %, e do resto de subministracións básicas.
- Estabelecer a **permanencia da rebaixa do Imposto Especial sobre a Electricidade (IEE)** do 5,1 % ao 0,5 %.
- Estabelecer a **permanencia dos impostos específicos**



**aos beneficios da banca, das grandes enerxéticas e ás grandes fortunas, reducir os límites de exención, aumentar a súa progresividade e traspasar a súa xestión á Galiza.**

Así mesmo, consideramos preciso introducir propostas novas no ámbito fiscal que acheguen xustiza social e de respecto polo patrimonio público, como por exemplo:

- Promover a eficacia das actuacións **de prevención e loita contra a fraude e a evasión fiscal** con dotación de medios e recursos suficientes, para conseguir una maior equidade e xustiza social na repartición das cargas tributarias.
- **Prohibir a contratación e a recepción de axudas públicas ás empresas que posúen, directa ou indirectamente, sociedades domiciliadas en paraísos fiscais** sen actividade económica real xustificativa.
- **Estabelecer un sistema de fiscalidade ambiental nos ámbitos da enerxía, o transporte, a contaminación e os recursos naturais, cuxa finalidade, máis que recadatoria, sexa a modificación de condutas que inciden negativamente sobre o medio.**

## Sector industrial

O noso **sector industrial está a atravesar unha grave crise que se manifesta na descapitalización, na deslocalización e na regresión social**, ocupando un papel subordinado na especialización produtiva. Ademais, estase a dar un **predominio do extrativismo** sobre a industria de transformación.

O BNG defende un **planeamento autocentrado que artelle un ecosistema industrial propio**, capaz de cindir a nosa dependencia funcional, compatíbel co alto grao de apertura externa da nosa economía e competitivo para completar en Galiza os ciclos produtivos e de adaptarse ás novas revolucións tecnolóxicas.

En concreto, o BNG defende:

- O **saneamento dos sectores industriais en crise** e unha **política real de reindustrialización** baseada no impulso á

industria auxiliar, na optimización dos custos loxísticos e no apoio aos sectores industriais emerxentes e a I+D+i, á que debería destinarse un incremento considerábel dos fondos e da porcentaxe do PIB.

- O Estado debe facilitar todos os medios económicos e normativos para que a Xunta de Galiza conte cos recursos necesarios para acometer un Plan de Industrialización que inclúa, entre os seus obxectivos, o reequilibrio territorial, e que atenda prioritariamente as comarcas en crise industrial, como son a de Ferrol e a de Vigo.
- A **oposición á deslocalización e ao fechamento da actividade industrial**, o establecemento da obriga de devolver as axudas públicas, as subvencións ou as bonificacións por aquelas empresas que deslocalizaron a súa produción.
- **Promoción e fortalecemento da construción naval en Galiza**, tanto no ámbito privado como no público, mediante a modernización tecnolóxica e a renovación dos cadros de persoal, co obxectivo de situar os estaleiros galegos como referentes no ámbito mundial, atendendo, nomeadamente, **á recuperación da actividade nos estaleiros de Vigo e de Ferrol**.
- **Converter NAVANTIA-Ferrol nun complexo industrial integral** con diversificación da súa actividade, que incorpore a construción naval civil, así como implantar un plan de investimentos para a renovación de infraestruturas **e incorporar a Xunta de Galiza ao consello de administración de NAVANTIA** como teñen en conta o propio Estatuto de Autonomía de Galiza e o artigo 4.1 da Lei de Fomento do Sector Naval de Galiza.
- Demandar do Goberno estatal **a participación da Xunta na xestión do PERTE (Proxecto Estratéxico para a Recuperación e a Transformación Económica) para o sector naval**.
- **Exixir o cumprimento dos compromisos** e a continuidade da actividade e do emprego de ALCOA-San Cibrao, prevendo mesmo a intervención pública da factoría.

## Sector Agrogandeiro

**As políticas estatais e comunitarias someteron o sector agrogandeiro galego a un profundo proceso de reconversión**, o que supuxo unha perda significativa de emprego e de capacidade produtiva, provocando o despoboamento do medio rural. O BNG acredita no futuro do noso rural mediante políticas que apoiem a rendibilidade da produción leiteira, da agro-gandeira e da industria transformadora, que fomenten os circuitos curtos de comercialización e de transformación por parte das persoas produtoras e que aposten pola produción diferenciada e de calidade.

En concreto o BNG traballará para:

- Exixir unha **reforma da Lei da Cadea Alimentaria** para impedir a venda por baixo dos custos de produción, que se facilitaría incluíndo referencias obxectivas para condicionar os prezos que reciben produtores e produtoras.
- **Defensa dunha PAC axeitada á realidade produtiva do noso Sector Primario, como pode ser a incorporación de novos ecoesquemas ou a revisión da superficie admisíbel nos pastos arbustivos.**
- **Derrogación, adaptación ou suspensión para o territorio galego do RD 1051/2022 de Nutrición Sustentable dos Solos.**
- **Apoio aos circuitos curtos de comercialización e de transformación por parte das propias persoas produtoras** e aposta pola **produción diferenciada e de calidade.**

## Sector pesqueiro

A Galiza é a primeira potencia de Europa no complexo mar-industria. Porén, o feito de seren outros –Madrid e Bruxelas– os que deciden por nós prexudicou e continúa a prexudicar gravemente a nosa frota pesqueira e a súa actividade derivada. Precisamos que sexa a Galiza a que negocie directamente os tratados pesqueiros con terceiros países.

No inmediato, o BNG reclama:

- O recoñecemento da Galiza como **“zona altamente dependente da pesca”**.
- **A revisión do chamado “principio de estabilidade relativa”** para garantir unha distribución equitativa e axustada ás capacidades produtivas da Galiza.
- **O recoñecemento da capacidade directa de negociación da Galiza**, a súa participación e consentimento naquelas cuestións de especial relevancia en materia pesqueira, nomeadamente, na reforma ou na revisión da PPC.
- **A negociación da distribución equitativa de cotas de pesca para a frota galega**, que parta da capacidade extractiva do sector.
- **A exigencia de que a pesca artesanal fiquese exenta de TAC e cotas.**
- **A redución do IVE aos produtos pesqueiros.**
- A necesidade de que a Galiza fiquese libre de eólica mariña e da minaría submarina, nomeadamente nas Áreas Mariñas Protexidas e nas Áreas Mariñas de Importancia Ecolóxica ou Biolóxica, incluíndo o Banco de Galiza fronte ás costas galegas.
- O establecemento dun **espazo galego de libre decisión en materia marítima e pesqueira**, desde a transferencia das competencias dos **portos de interese xeral do Estado, Salvamento Marítimo, navegación marítima e mariña mercante, investigación oceanográfica (IEO), inspección de buques, dominio público marítimo e marítimo-terrestre e mar territorial, así como o traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Galiza en materia de ordenación e xestión do litoral** etc.
- **O saneamento integral e a rexeneración ambiental e produtiva das rías galegas.**
- **Evitar o acoso que sofre a xente do mar** con catro corpos de inspección (Gardacostas de Galiza, funcionarios do Ministerio, Garda Civil e funcionarios da UE), concentrando esa función no corpo de Gardacostas de Galiza.
- **A implantación inmediata das medidas incluídas nas emendas do BNG á Lei 5/2023, de Pesca Sostíbel e**

## Investigación Pesqueira sobre:

- **Elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais** propias dos traballadores e traballadoras do mar, nomeadamente mexilloeiros, mariscadoras e mariscadores, percebeiros e mergulladores para a recolección de recursos específicos.
- **Voto dos tripulantes embarcados** en altura e grande altura.
- **Convenios colectivos que garantan condicións laborais dignas** para os **tripulantes de pesca de altura, grande altura e litoral**.

## Ciencia e investigación

Sen ciencia non hai futuro. Esta é unha premisa incuestionábel nos tempos actuais. A xeración de coñecemento, a investigación, o desenvolvemento e a innovación son un sector produtivo, panca de desenvolvemento social, económico e cultural para calquera país.

Porén, para que exista ciencia precísase investimento, público e privado, e unhas condicións laborais dignas que permitan desenvolver unha carreira profesional estábel, cun horizonte claro e en contornas estimulantes.

É dicir, precísase construír ciencia con dereitos. Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego, propomos:

- Elevar, progresivamente, o **investimento** estatal en I+D+i até o situar no 3 % do PIB en 2030.
- Impulsar as reformas necesarias para introducir **factores de corrección** nas convocatorias de I+D+i que permitan acabar coas discriminacións por razón de xénero na carreira investigadora. Estes factores deberán compensar, nos procesos de avaliación, os períodos de inactividade causados por permisos de maternidade, paternidade, lactación ou coidado de persoas dependentes; baixa por embarazo, acollemento ou ausencia por situacións de violencia machista.
- **Garantir condicións laborais e salariais dignas e estábeis**

para o persoal científico e investigador, así como os recursos necesarios para desenvolver a súa carreira investigadora ao longo das distintas etapas.

- **Transferencia á Galiza** das entidades dependentes do Centro Superior de Investigacións científicas (CSIC) e dos centros do Instituto Español de Oceanografía (IEO).
- Impulsar as accións necesarias para garantir os dereitos, especialmente de xubilación, do **persoal investigador beneficiario de bolsas predoutorais e posdoutorais anteriores a 2011**.
- Continuar a traballar, en colaboración e contacto permanente co ecosistema investigador galego e estatal, a prol dun **Pacto pola ciencia** centrado en tres eixos fundamentais:
  - Elaborar un **Estatuto do Persoal de Investigación** que inclúa a todo o persoal investigador, técnico e de xestión científica co obxectivo de garantir dereitos mínimos en canto a retribucións, a progresión da carreira investigadora e a estabilidade laboral, entre outras cuestións.
  - **Reducir e simplificar a burocracia** para favorecer a produtividade, a motivación e o estímulo na produción científica.
  - **Promover a transparencia, a integridade, a diversidade e a inclusión** no ámbito científico e investigador a través de políticas activas que sancionen condutas fraudulentas, persigan o acoso sexual ou calquera irregularidade nos concursos públicos, así como garantir unha inclusión plena.

### **Xestión directa dos Fondos Europeos de Recuperación e Resiliencia**

Durante 2023 está previsto que o Estado reciba 17.000 millóns de euros e outros 15.400 entre 2024 e 2026 correspondentes aos fondos do **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia NEXT GENERATION UE**, á parte dos correspondentes ao programa REACT-EU de resposta ás consecuencias da pandemia.

Conscientes de que é máis necesario que nunca contarmos **con soberanía e con capacidade de decisión** que nos permita, como galegas e galegos, tomar acordos sobre todos os ámbitos, especialmente naquelas materias que son determinantes para planificar o futuro:

- Demandamos do Goberno do Estado **a participación da Xunta de Galiza no sistema de cogobernanza dos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e a Transformación Económica PERTE** co fin de exercer unha **xestión directa desde a Galiza dos fondos NEXT GENERATION** que garanta a recepción das contías que nos corresponden en función do peso económico e demográfico do País, así como a súa adecuación ás prioridades de desenvolvemento do noso sistema produtivo.
- Que se considere, entre os criterios considerados para o repartimento dos fondos, o noso **déficit histórico en investimentos e infraestruturas e os custos adicionais** derivados das nosas características propias: **a dispersión poboacional, o elevado nivel de avellentamento ou a nosa situación xeográfica periférica.**
- Demandamos a consecución de **grandes acordos que impliquen a participación de todos os sectores institucionais, sociais e económicos** da Galiza encadrados nun proceso en que primen a transparencia e o diálogo, e que garanta unha saída social xusta e en chave de País.
- Que se derroque a reforma promovida polo PSOE e UP sobre a xestión dos Fondos Europeos, que supuxo unha centralización da xestión e mais a eliminación de trámites administrativos e dos controis ambientais nos proxectos.
- **Que se flexibilicen os procedementos de tramitación de solicitudes e de xestión** dos fondos europeos.

## 8. Por unha transición enerxética xusta

Estamos nun momento de profundas transformacións no ámbito enerxético, marcado pola necesidade de deixar atrás os combustíbeis fósiles.

Galiza ten en materia de enerxía unha posición estratéxica. Por unha banda, foinos adxudicado desde hai décadas un papel produtor e estamos xa especializados na xeración de electricidade. Por outra banda, temos un recurso renovábel moi potente, principalmente a través do vento, das horas de sol e da auga.

Porén, nos momentos de cambio emerxen e operan os intereses das grandes enerxéticas, que buscan un lavado verde aos seus intereses empresariais e que están a ser favorecidas polas institucións europeas, estatais e galegas, que dan prioridade ao aumento da xeración por riba das garantías medioambientais.

É preciso defendermos o noso dereito a decidir sobre o noso propio modelo enerxético, contribuír á loita contra a crise climática e facelo de forma que o papel produtor reverta a favor dos intereses sociais e económicos da Galiza e blinde a preservación da biodiversidade:

- Fomentar unha **transformación enerxética** que dea prioridade a un modelo de xeración e produción de enerxía eléctrica distribuída, a menor escala e máis próxima aos centros de consumo, ao control público da enerxía, á consideración do acceso á enerxía como un ben público e esencial e cuxa implantación pivote en función do desenvolvemento social e económico das zonas produtoras.
- Impulsar unha **tarifa eléctrica galega** que considere, a través de redución nas peaxes do transporte, o papel da Galiza de nación excedentaria na produción eléctrica, compensando o impacto ambiental e social derivado da súa produción.
- **Modificar a estrutura do sistema eléctrico**, reformando a configuración da factura enerxética para pór fin á especulación das grandes eléctricas e garantindo



que a súa retribución se estipule con base aos custos recoñecidos de produción.

- **Transferir as competencias en materia enerxética**, de maneira que se corrixa a anomalía democrática de que, malia estar especializada na produción, a Galiza teña impedimentos para deseñar o seu propio modelo enerxético e de descarbonización de maneira acorde ás súas necesidades enerxéticas, sociais, económicas e medioambientais, garantindo o control público galego deste sector estratéxico. Singularmente, cómpre:
  - Transferir as competencias en materia enerxética **(planificación, ordenación, redes de transporte e distribución, xestión oferta/demanda, impulso modelo descentralizado e de proximidade)** e alcanzar o compromiso do Estado para que sexa preceptivo o acordo coas comunidades autónomas nos plans de ámbito estatal e nas negociacións de ámbito supraestatal.
  - Reformar a lei do sector eléctrico, de forma que a Galiza poida decidir sobre as **instalacións enerxéticas de máis de 50MW** e desenvolver plenamente o artigo 27.13 do actual Estatuto de Autonomía.
- **Retirada dos POEM e declaración do litoral galego como espazo non apto para a instalación de parques eólicos mariños offshore**, tanto en augas interiores como no mar territorial, por se entenderen incompatíbeis esas instalacións coas actividades pesqueiras e marisqueiras, coa protección medio ambiental ou coa execución de competencias en salvamento marítimo, que se consideran preferentes do punto de vista dos intereses nacionais galegos, económicos, sociais e ambientais.
- **Recuperar as garantías ambientais e a participación cidadá na implantación de proxectos eólicos**, rectificando as medidas incorporadas no RDL 20/2022 que permiten ás grandes enerxéticas decidir onde instalaren parques ou macroparques eólicos sen control, sen necesidade de Declaración de Impacto Ambiental e sen participación cidadá, o que fomentou un boom eólico depredador con proxectos que non están calibrados para o desenvolvemento social e económico do noso país e que coliden coa preservación da biodiversidade e dos usos económicos e sociais do territorio. No mesmo sentido, cómpre someter a revisión aqueles xa aprobados

para paralizar os máis lesivos.

- **Colaborar coa Galiza na planificación das tecnoloxías precisas para a transición enerxética** e da súa zonificación, sometendo esta planificación a unha avaliación ambiental estratéxica e á colaboración nun desenvolvemento integrado e complementario de todo o mix enerxético (eólica, hidráulica, solar térmica e fotovoltaica), biomasa, biocombustíbeis, xeotermia, gases de vertedoiro, gases de EDAR, undimotriz e mareomotriz) fronte ao monopolio dunhas tecnoloxías sobre as outras.
- Impulso da consideración da **electricidade como ben básico para a poboación**, garantindo o acceso da poboación cun mecanismo que supere a formulación do bono social e as súas carencias, e prohibindo definitivamente os cortes de subministro.
- **Impulso do aforro enerxético**, do descenso do impacto medioambiental e da soberanía enerxética, así como a aposta por unha política decidida de fomento das enerxías renovábeis e da redución do consumo de combustíbeis fósiles en todos os sectores consumidores.
- Impulso dunha verdadeira **Axenda para o desenvolvemento do autoconsumo enerxético** sustentábel en colaboración cos territorios, que avance na corrección das carencias canto a conexión á rede, á cadea produtiva, ao aproveitamento dos excedentes, á formación de consumidores e de prosumidores, aos trámites administrativos e das distribuidoras etc, así como o fomento das iniciativas compartidas e das axudas aos sectores con máis dificultades económicas para garantir a súa democratización.
- Impulso á **recuperación das concesións dos encoros** (en moitos casos outorgadas durante o franquismo) e á súa transferencia á Galiza como base para a creación dunha empresa pública galega en materia de enerxía.
- **Estatuto especial para as empresas electrointensivas** e mantemento dos postos de traballo.
- Impulso de **concursos de transición xusta para a Galiza** respecto dos megavatios liberados no peche das centrais, de forma que se incentiven proxectos industriais con investimento e creación de emprego nos concellos afectados, mediante un proceso con bases

de concorrencia e supervisado a través da empresa pública REDEIA.

- Impulso e colaboración na creación dun gran **centro para o almacenamento enerxético** e a investigación e innovación.
- Garantía de seguimento, diálogo e concreción das medidas de transición enerxética a través da **convocatoria regular das mesas de transición** e da aprobación dos correspondentes Convenios de Transición Xusta.
- Compensación da débeda histórica do Estado coas comarcas mineiras galegas polo incumprimento e pola exclusión dos sucesivos **Plans do Carbón**.
- Compromiso de mantemento da **prohibición da fractura hidráulica (fracking)** e doutras técnicas semellantes pola súa perigosidade para o medio e para a saúde.

## 9. Infraestruturas públicas e ordenación territorial

A Galiza padece un déficit histórico en materia de infraestruturas. Por iso, o BNG comprométese a exixir ao Goberno do Estado acometer os investimentos necesarios para reducir a fenda en materia de transportes e mobilidade. Así mesmo, é preciso reclamar as competencias plenas en materia de transporte, acompañadas do financiamento necesario, que permitan que o Goberno galego poida desenvolver unha política de transportes pensada para garantir a mobilidade interna, a conexión entre as vilas e cidades do País, e lograr así vertebrar o territorio galego.

### Infraestruturas ferroviarias

As políticas de transporte do futuro pasan, necesariamente, por unha aposta decidida polo transporte ferroviario, pois este permite unha mobilidade sostíbel, eficaz e eficiente ao tempo que facilita unha transición climática que garante a cohesión social. Por todo isto, é preciso dotar a Galiza dunhas infraestruturas e servizos ferroviarios adecuados que pase por:

- Implantar un servizo de proximidades ferroviarias nas principais cidades galegas, aproveitando as infraestruturas existentes ou creando aquelas novas que foren necesarias, así como recuperando apeadoiros e estacións agora en desuso e mais dotándoo das conexións, frecuencias, horarios e tarifas necesarias para fomentar o seu uso.
- Actualizar a rede interior ferroviaria galega nunha intervención que debe incluír, cando menos, actuacións nos tramos A Coruña–Ferrol (incluíndo as obras do bypass de Betanzos), A Coruña–Lugo e Vigo–Fronteira Portuguesa, a modernización da liña de ancho métrico Ferrol–Ribadeo, a aceleración dos traballos da Saída Sur de Vigo e o inicio dos trámites para a construción da conexión ferroviaria directa entre Santiago de Compostela e Lugo.
- Completar as obras do Corredor Atlántico de Mercadorías

na Galiza, para o que deben abordarse, como mínimo, as obras do eixo Ourense–Monforte–Lugo, así como o tramo León–Monforte e a electrificación e as melloras precisas nos tramos convencionais do Eixo Atlántico.

- Solucionar a integración e a humanización das liñas de ferro ao seu paso por vilas e cidades, asegurando, en cada caso, a adopción dos proxectos que mellor se adapten (paso elevado en Oza-Cesuras, variante ferroviaria de Parga, pasos a nivel no barrio dos Praceres, soterramento no Porriño, pasos soterrados en Ourense..., entre outros).
- Incrementar as frecuencias e mellorar os horarios das conexións ferroviarias na Galiza, especialmente na liña do AVANT, así como rebaixar os prezos e establecer bonificacións para as persoas usuarias frecuentes.
- Rematar as obras pendentes de execución no AVE, particularmente a finalización das obras na variante de Ourense, e as provisións dos trens Avril.
- Transferir á Galiza as liñas interiores para seren xestionadas a través dunha empresa pública galega de transporte ferroviario (GALTRÉN)
- Promover as medidas pendentes para a seguridade ferroviaria, como a implantación do Plan de Seguranza Ferroviaria ou a creación da Autoridade Independente de Investigación de Accidentes.

### **Infraestruturas viarias**

Tamén nas estradas que son titularidade do Estado na Galiza se aprecia un atraso histórico nos investimentos, polo que precisan de atención urxente para garantiren unha adecuada conexión entre as principais vilas e cidades galegas, humanización, integración nos núcleos de poboación polos que discorren e implantación de medidas de seguranza viaria. Porén, o BNG seguirá a defender que se transfiran á Galiza as estradas pertencentes á Rede de estradas do Estado que transcorren integramente por territorio galego, o que permitirá artellar desde o Goberno galego unha política integral de transportes:

- **AP-9 galega, pública e libre de peaxes.** O BNG reclamará, máis unha vez, a transferencia da autoestrada á Xunta da Galiza e a finalización da concesión da infraestrutura para lograr a gratuidade da principal vía de comunicación do Eixo Atlántico.
- **Transferencia á Galiza e liberalización da AP-53** para conseguir que esta autoestrada quede finalmente libre de peaxes.
- **Finalización dos tramos pendentes de execución da A-54, Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei,** que acumulan anos de atraso e que son fundamentais para a conexión entre Santiago de Compostela e Lugo.
- **Licitación das obras e inicio dos traballos da A-74 na Mariña,** única infraestrutura viaria alternativa á N-642 na comarca e que leva anos en proxecto e sen execución.
- **Execución dos tramos pendentes na Galiza da A-76** que permitirán conectar máis axilmente as comarcas do sur de Lugo e a cidade de Ourense entre si e facilitar a saída cara á comarca do Bierzo.
- **Solución urxente e rápida para o viaduto do Castro na A-6,** axilizando as obras das pontes nos dous sentidos da circulación, asegurar a inspección e reparación coa mesma técnica construtiva do resto de viadutos en que xa se detectaron fallos de construción, así como a depuración e reclamación de responsabilidades polo derrubo.
- **Mellora das infraestruturas viarias para garantir maior seguraza e reducir o número de accidentes.** Especial atención, pola súa vulnerabilidade, deben ter as motocicletas e as bicicletas, particularmente no que atinxe aos sistemas de protección (espazos delimitados, gardarraís seguros, pintura antiderrapante...). O obxectivo da circulación con seguraza debe ser abordado tamén no ámbito da formación e da regulación do tránsito.

## Portos e aeroportos

- **Reclamar a transferencia á Galiza da competencia sobre os aeroportos galegos,** para a súa xestión integral co fin de artellar un sistema aeroportuario integral galego,

baseado na especialización e na complementariedade dos tres aeroportos, así como demandar a mellora e a modernización das súas instalacións e **asegurar o control e a xestión pública das torres de control para garantir a seguridade aérea.**

- Instar a **transferir ao Goberno galego os portos de interese xeral na Galiza**, como son os de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Ferrol-San Cibrao. Neste último é preciso así mesmo lograr a liberalización do Porto de Morás e abrilo ao tráfico e ao transporte de mercadorías.
- Para lograr un transporte de mercadorías moderno é preciso dotar os distintos portos galegos de **intermodalidade e de conexión ao transporte ferroviario e de autoestradas ferroviarias.**
- Demandar a incorporación dos portos galegos de interese estatal actualmente excluídos da Rede Básica Transeuropea de Transporte.

## 10. Pola protección do medio e pola biodiversidade

O BNG aposta por unha Galiza con plena capacidade para decidir en materia ambiental, que poida aplicar políticas avanzadas e transformadoras neste ámbito. No entanto, somos conscientes de que no actual escenario político o Estado mantén o control de decisións políticas e normas legais que afectan de maneira moi directa o medio.

O BNG defenderá en todos os ámbitos, e nomeadamente nas Cortes, a superación dun modelo dependente e extractivo que converteu a Galiza en fornecedora de materias primas e enerxía, con altísimos custos sociais e ambientais. Asemade, combaterá un sistema económico e social baseado no espolio dos recursos naturais, no hiperconsumismo, na cultura de “usar e descartar”, no descontrol e dispendio de recursos como a auga ou a enerxía, e na xeración excesiva de residuos.

Tomaremos parte activa na defensa de medidas de resposta á emerxencia ambiental e á crise climática, á perda de biodiversidade, á degradación e á fragmentación de hábitats, ao risco de grandes incendios, á contaminación dos solos e do medio urbano ou aos problemas derivados da escaseza de auga, tanto para o consumo humano como para as actividades económicas.

Como criterios xerais, defenderemos a aplicación rigorosa do principio de precaución en todas aquelas actuacións que poidan xerar danos no medio e perdas de biodiversidade, a prevención contra o cambio climático, a xestión circular e de proximidade, a corresponsabilidade e a obriga de internalizar os custos ambientais nas actividades contaminantes.

En consecuencia, defenderemos as seguintes liñas de actuación

- **En materia competencial**, traspaso á Galiza de todas as competencias en materia de ambiente; nomeadamente as seguintes: Costas, Ordenación e Xestión do Litoral e do Medio Mariño, Salvamento Marítimo e loita contra a contaminación, meteoroloxía, centros de investigación, portos de interese xeral e bacías hidrográficas; e reforma



de normas que invaden competencias de noso como son a Lei de Costas, a Lei de Cambio Climático, a Lei de Avaliación Ambiental, Lei de Patrimonio Natural e a Lei de Parques Nacionais.

- **En materia de tramitación ambiental de plans e proxectos**, garantir a participación social, a información pública e o procedemento de avaliación ambiental, nomeadamente na tramitación de proxectos industriais de implantación de enerxías renovábeis.
- **En materia de patrimonio natural e biodiversidade:**
  - Garantir a aplicación dos acordos internacionais, os Convenios sobre Diversidade Biolóxica e os acordos da COP 15 (2022) no relativo á protección de 30 % das terras e das augas consideradas importantes para a biodiversidade de aquí a 2030.
  - Transferencia á Galiza dos recursos financeiros destinados á protección da biodiversidade, especies ameazadas, espazos naturais e rexeneración de espazos degradados.
  - Desenvolvemento de plans de protección e preservación das especies mariñas protexidas, procurando a súa compatibilidade coas actividades económicas e sociais tradicionais.
  - Limitación e control estrito da importación de especies foráneas, sementes de moluscos etc., para a repoboación, e potenciación dos ciclos pechados para a produción de especies autóctonas e a repoboación como método de recuperación de recursos.
  - Posta en marcha de xeito efectivo dunha rede de alerta temperá ante especies invasoras.
  - Desenvolvemento de labores de seguimento para as capturas accidentais das especies mariñas ameazadas, así como medidas paliativas, en consonancia coa lexislación vixente e coas directivas europeas.
- **En materia de ordenación, xestión e protección do litoral e do medio mariño:**
  - Posta en marcha de medidas establecidas na Estratexia do Medio Mariño, co fin de avanzar na

recuperación do estado do medio, así como da conservación das especies e dos recursos naturais.

- Impulso do saneamento integral e da rexeneración das rías galegas, transferindo á Galiza os recursos necesarios, así como a capacidade para a aprobación e a execución das infraestruturas hidráulicas que actualmente ten atribuídas o goberno central.
- Creación dunha rede equipada de bases de loita contra a contaminación do medio mariño ao longo de todo o corredor marítimo fronte á costa galega.
- Revisión e derogación da prórroga concedida a ENCE na ría de Pontevedra por contravir a normativa de Costas, a directiva europea de servizos e o Plan de Ordenación do Litoral (POL), e impulso da rexeneración da ría de Pontevedra e do dominio público marítimo terrestre. Recuperación e rexeneración dos terreos en dominio público marítimo terrestre ocupados pola Xunta e o estado no ENIL da Xunqueira do Alba (Pontevedra).
- Demanda dun programa permanente de inspección e seguimento do estado e seguridade do vertedoiro de 140.000 toneladas de residuos nucleares na Foxa Atlántica, a 600 km da costa galega.
- Desafección do uso militar de espazos costeiros, castelos e da illa de Tambo, e transferencia da súa titularidade á Galiza.
- **En relación co monte e coa política forestal:**
  - Recoñecemento xurídico da propiedade comunal do monte e aprobación de medidas fiscais que incentiven o uso e aproveitamento multifuncional.
  - Consideración das diferentes variedades de eucalipto como especie exótica invasora e inclusión no correspondente catálogo, coa conseguinte limitación do seu cultivo para garantir a protección do solo e das reservas de auga, a conservación da biodiversidade e a protección fronte aos incendios forestais.
- **En materia de residuos e contaminación dos solos,** impulso de políticas de redución, recuperación e reciclaxe de residuos e priorización da compostaxe dos

biorresiduos (primando os tratamentos de proximidade) coa correspondente transferencia de recursos ás entidades locais. Desenvolvemento de plans de recuperación de solos contaminados, nomeadamente os contaminados por lindano e por outros materiais tóxicos procedentes de actividades industriais.

- **En materia de prevención da contaminación e de mellora da calidade do ar** en zonas urbanas (zonas de baixas emisións), defensa de medidas de redución do tránsito motorizado e de fomento da mobilidade amábel (modelo Pontevedra) fronte a restricións relacionadas co tipo e coa antigüidade dos vehículos, que xeran discriminacións de acceso por nivel de renda.

## 11. Lingua e cultura

A plena normalización da nosa lingua é un obxectivo prioritario e que debe ser asumido como tal por todas as administracións públicas e polo conxunto da nosa sociedade.

Porén, a administración do Estado é unha fonte permanente de trabas e de obstáculos para o uso do galego con normalidade e para o respecto dos dereitos lingüísticos de galegas e dos galegos.

Nese sentido, en canto a Galiza non tiver a plena capacidade de decidir sobre a política lingüística necesaria para garantir a normalización, o BNG traballará por:

- Garantir a presenza normalizada da lingua e das producións culturais galegas en RTVE, así como o incremento das horas de desconexión territorial en lingua galega e a recuperación de Radio 4, emisora exclusivamente en galego.
- Garantir e incrementar a liña de axudas dirixida especificamente a longametraxes, curtametraxes e producións audiovisuais en galego por parte do Ministerio de Cultura.
- Exixir o cumprimento dos acordos parlamentares para a recepción dos medios públicos audiovisuais de Portugal na Galiza, así como da RTVG en Portugal, no cadro da cooperación cos países da Lusofonía para as relacións reciprocamente beneficiosas entre as nosas culturas.
- Reforma da Lei do Audiovisual para garantir a plena igualdade de todas as linguas oficiais do Estado. Exixir ás plataformas a dispoñibilidade das producións do seu catálogo con dobraxe e lexendaxe en galego, especialmente nos contidos dirixidos ao público infantil, ademais de mellorar a definición e regulación das produtoras independentes e a promoción e normalización das mulleres no mundo audiovisual.
- Impulsar os convenios para o ensino do galego como segundo idioma na educación secundaria e nas Escolas Oficiais de Idiomas noutros territorios do Estado. De forma especial, garantir a sinatura de convenios

para ensino do galego en toda a etapa educativa nos territorios galegofalantes de comunidades limítrofes.

- Exixir o aumento do cofinanciamento das principais institucións lingüísticas e culturais do noso país.
- Demandar a catalogación e dixitalización do patrimonio documental galego depositado en arquivos institucionais de fóra de Galiza para favorecer o coñecemento, a divulgación e a investigación.
- Impulsar o coñecemento, a divulgación e a convivencia das diferentes expresións culturais en galego, en pé de igualdade coas restantes do Estado, e contribuír a posionalas a nivel internacional.
- Asegurar a plena normalización do uso da lingua galega por parte da administración central, encozando polo coñecemento do galego entre o funcionariado para así garantir os dereitos lingüísticos na relación entre esta e as empresas que traballan para ela.
- Garantir o estrito respecto da nosa toponimia por parte de todos os organismos da administración do Estado, así como exixir o respecto pola legalidade por parte das apps de xeolocalización que seguen a utilizar nomenclatura deturpada.
- Acometer a normalización no ámbito da administración da Xustiza, tornando o galego lingua de uso preferente nas resolucións, así como nas comunicacións e notificacións de oficio dos órganos administrativos.
- Garantir o dereito a estudar e realizar os exames da UNED en galego, nomeadamente nos centros situados na Galiza.

## 12. Políticas para a mocidade

O deseño profundamente centralizador do Estado español, que relega a Galiza a un papel completamente secundario en materia económica e social, repercute negativamente no pobo galego e na mocidade en particular. Nos últimos anos, a complexa situación en que vive a xente moza viuse agravada pola situación de crise sanitaria derivada da COVID-19, así como pola crise económica e social da chamada suba de prezos e da xestión que se fixo destas desde o Estado.

Incrementáronse a falta de oportunidades no noso país, a xa precaria situación da mocidade galega e as nulas perspectivas de futuro para a xente moza, facendo case imposible desenvolver unha vida independente en condicións dignas.

Aspiramos a que a Galiza poida xestionar a totalidade de políticas públicas para a mocidade, como mellor mecanismo para actuar sobre as problemáticas concretas da xuventude que se revelan diferentes, en múltiples cuestións, ás do resto do Estado. Propomos:

- Diseñar políticas de fomento do emprego xuvenil coa finalidade de crear emprego estábel e unhas condicións laborais dignas, tendo como obxectivo prioritario a igualdade de condicións e oportunidades das mozas e dos mozos galegos.
- Equiparar os dereitos laborais e a remuneración dos contratos de formación como en calquera actividade laboral.
- Transferencia plena das competencias de ensino á Galiza para poder contar cun ensino público e de calidade adaptado ás nosas características nacionais e en especial á realidade sociolaboral da mocidade galega.
- Transferencias das competencias das bolsas universitarias á Xunta de Galiza, superando o actual modelo de distribución entre a poboación e garantindo así o acceso á ensinanza superior.
- Supresión das taxas de reposición para garantir estabilidade ao novo profesorado investigador e asegurar

a remuda xeracional.

- Reverter os aspectos lesivos mantidos ou introducidos pola nova lexislación en materia de ensino na LOMLOE, LOSU e Lei de FP.
- Desenvolver un plan de choque para o retorno das persoas mozas emigradas, garantindo unha inserción laboral e un acceso á vivenda dignos.
- Recoñecer o dereito das mozas e dos mozos de 16 e 17 anos a poderen votar nas diferentes convocatorias electorais.
- Transferencia á Galiza dos programas xuvenís europeos como Erasmus ou Interraiñ.
- Destinar 1 % dos Orzamentos Xerais do Estado (PGE) a políticas para a mocidade, transferindo os fondos ás comunidades autónomas para que estas poidan deseñar políticas adaptadas aos intereses da súa mocidade.
- Garantir o acceso da mocidade como un dos actores prioritarios ao parque de vivenda pública.
- Fomentar axudas directas para a incorporación da mocidade no sector primario e medidas complementarias para as que continúan a súa actividade, así como un apoio eficaz e un reforzo nas axudas e no asesoramento para tomar a remuda nas explotacións.
- Promover o transporte colectivo entre a mocidade menor de 30 anos a través de bonificacións nas viaxes en transporte por estrada e por ferrocarril.
- Garantir a remuneración das prácticas, asegurando que sexan unha experiencia formativa e de aprendizaxe para as estudantes e non unha substitución dun traballador ou traballadora, evitando a precarización da mocidade no ámbito laboral.
- Elaboración de plans de prevención e de choque para combater a ludomanía, así como a restrición dos anuncios e das promocións das casas de apostas.
- Elaboración dun protocolo estatal para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e o ciberacoso.

Que  
**Galiza**  
Conte!  
**Con**  
**Máis**  
**Forza!**

- **Impulso dun plan de prevención e actuación para a saúde mental** dirixido á mocidade, destinando recursos económicos e materiais suficientes para o seu tratamento.



## 13. Galiza, na vangarda deportiva

- **Traspasar as competencias en materia deportiva** do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas.
- Garantir a participación das **seleccións galegas con pleno dereito**, en todas as disciplinas, nas competicións deportivas internacionais oficiais.
- Acometer as accións necesarias para que as **federacións galegas** de cada disciplina deportiva sexan as últimas instancias organizativas de cada un dos deportes no noso país.
- Modificación das **infraccións e sancións recollidas na Lei Estatal do Deporte**, que actualmente están a penalizar condutas como a exhibición de faixas ou bandeiras e que atentan contra os dereitos fundamentais.
- Impulsar accións e políticas decididas para promover a **igualdade no deporte** e a participación das mulleres en todas as disciplinas deportivas, tanto no deporte base como no profesional.
- Achegar máis recursos económicos para impulsar **instalacións deportivas accesíbeis**, dirixidas especialmente a persoas con discapacidade e con mobilidade reducida.

## 14. Pola paz mundial e pola convivencia dos pobos e das nacións

O BNG, como forza pacifista e antiimperialista, que aposta polo respecto á soberanía nacional dos pobos e pola resolución pacífica dos conflitos, rexeita de maneira rotunda a política inxerencista que está a manter o Estado español nos conflitos internacionais, ao se revelar simplemente como un peón dos Estados Unidos, cuxo obxectivo é recuperar un enfrontamento entre bloques que lle permita demorar a súa perda da hexemonía mundial nos campos político e económico.

A nosa loita política tamén traballa para mudar a globalización en favor dunha relación en pé de igualdade entre nacións, ademais de para converter o noso país nun actor que a nivel internacional axude a construír un modelo alternativo ao actual capitalismo transnacional cos demais pobos. Ao defendermos a soberanía do pobo galego, reivindicamos tamén a necesidade de recuperarmos o respecto polo principio de soberanía e a non-inxerencia tamén para os demais.

Avogamos, por tanto, en favor de que o Estado respecte os seus compromisos como signatario da Carta da ONU e dos pactos e acordos posteriores que recollen o dereito dos pobos á auto-determinación –comezando polas nacións que aínda facemos parte del– e se afaste das estratexias belicistas e intervencionistas. Nese sentido, condenamos todas as agresións e defendemos:

- Unha neutralidade activa do Estado español na guerra de Ucraína e o apoio decidido ás iniciativas que busquen a paz mediante unha saída diplomática e negociada para este conflito.
- Cesar decontado o envío de armamento a Ucraína (que non pode máis que axudar a prolongar este conflito) e reforzar o envío de material humanitario.
- Anular o compromiso do goberno español de aumentar o gasto militar até chegar a 2 % do PIB estatal, de maneira que se destinen ditos fondos ao incremento de diferentes

partidas de gasto social.

- Eliminar a política de venda de armamento a réximes ditatoriais e autoritarios, así como a países con intereses neocoloniais, que o empregan para agredir outros pobos; e reforzar o control parlamentario dos datos das exportacións en materia de defensa.
- Retirar as tropas do Estado español en misións exteriores que comporten a ocupación ou a agresión militar.
- Anular o cambio de posición do goberno español a respecto do dereito á autodeterminación do pobo saharauí, condenando enerxicamente a ocupación marroquí do Sáhara Occidental, e instando a que o Estado español impulse un referendo de autodeterminación con garantías democráticas.
- Condenar enerxicamente o Estado de Israel pola ocupación e colonialismo nos territorios ocupados da Palestina. Recoñecemento do Estado palestino.
- Chamar á fin das agresións imperialistas, particularmente no Oriente Medio e no Norte de África. Defender unha saída decidida polos pobos respectivos e non polo capitalismo internacional.
- Rexeitar a política inxerencista dos Estados Unidos, que busca desestabilizar os gobernos progresistas de América Latina, e que mantén a agresión a Venezuela e o bloqueo a Cuba.
- Defender a saída da OTAN e a disolución desta alianza militar do imperialismo.
- Oporse a calquera tipo de tratado comercial internacional que vulnere a soberanía dos pobos e os dereitos sociais, laborais, ambientais e os relativos a unha vida digna e saudábel.
- Combater as causas radicais das migracións en masa, en especial as políticas neocoloniais e imperialistas no continente africano ou no Oriente Medio, as guerras, o saqueo dos recursos naturais...; en definitiva, inxerencia externa.
- Defender no seo da Unión Europea unha política de migracións respectuosa co dereito de asilo político,

cos dereitos sociais e laborais e co desenvolvemento dos pobos.

- Renegociar os acordos Schengen en favor dunha acción decidida en prol de políticas novas de migracións internacionais e de desenvolvemento. Do mesmo xeito, oporse de pleno a calquera reforma regresiva en materia de dereitos e de liberdades individuais e civís coa desculpa de ameazas antiterroristas.